

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 29 de XUÑO de 2016**

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión plenaria ordinaria que terá lugar o mércores, 29 de xuño de 2016, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Actas

1.-Aprobación da acta da sesión anterior, número 5/16, do 27 de maio.

2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da número 11651 á número 15050, de 2016.

3.-Proposición da Presidencia sobre o nomeamento de representantes da Deputación en organismos varios.

Comisión de Cultura e Normalización Lingüística

4.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Castelao para financiar as actividades do ano 2015.

5.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Folclórica e Cultural Orballo de Pontedeume para financiar a asistencia ao “Festival de los Pueblos de Europa” en Zakopane.

Comisión de Deportes e Mocidade

6.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Federación Galega de Baloncesto correspondente á subvención nominativa concedida para financiar a celebración do 30 Aniversario Copa Galicia 2015.

Comisión de Benestar Social, Educación e Políticas de Igualdade de Xénero

7.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Carballo para financiar o “Mantemento da Unidade Asistencial de Drogodependencias. Ano 2016”.

8.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Comité Cidadano Anti-Sida de Coruña (CASCO) para financiar o “Mantemento da rede de pisos de acollida e atención de persoas seropositivas en situación de exclusión social no ano 2016”.

Comisión de Promoción Económica e Emprego

9.-Aprobación da modificación das cláusulas VII e XIII do convenio entre a Deputación e o Concello de Camariñas para financiar a “XXV Mostra do Encaixe de Camariñas”.

10.-Aprobación do convenio entre a Deputación da Coruña e a Fundación para o Fomento de Coñecemento da Construción Naval e das actividades Marítimas (EXPONAV) para financiar o proxecto “Gastos de funcionamento da Fundación e do Museo da Construción Naval”.

11.-Aprobación do convenio entre a Deputación e o Concello de Malpica de Bergantiños para financiar a “XXXIII Mostra da Olería de Buño 2016”.

Comisión de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Asistencia a Municipios, Turismo e Patrimonio Histórico Artístico

12.-Aprobación do Plan de Acción Social (PAS) 2015 4ª e derradeira fase.

13.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Ares para o financiamento da obra de “Muro de contención de terras no campo de fútbol municipal”

14.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Cabana de Bergantiños para o financiamento das “Obras da substitución da impulsión do Regengo-O Picón”

15.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello da Capela para o financiamento das obras de “Rehabilitación estrutural e incorporación de medidas de seguridade en infraestruturas viarias”

16.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Carballo para o financiamento da obra de “Aparcamientos e interior do parque empresarial de Carballo”

17.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello da Laracha para o financiamento da obra de “Remodelación da Praza Eduardo Vila Fano”

18.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello da Laracha para o financiamento da obra de “Remodelación da Praza do Concello”

19.- Aprobación do Convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Mañón para o financiamento das obras de “Accesos a lugar de Sión e Outros (Ribeiras do Sor)”

20.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello das Pontes para o financiamento da obra de “Acondicionamento e mellora da rúa Alexandre Bóveda (2º fase)”

21.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello das Pontes para o financiamento da obra de “Beirarrúas nos Chaos”

22.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Valdoviño para o financiamento da obra de “Mellora da seguridade viaria, baixada ao Ariño e mellora e mantemento doutros viais”

23.- Aprobación do proxecto modificado da obra “Reparación do Camiño Agro do Muíño (Ortoño) e outro” do Concello de Ames, incluída no PLAN DTC 93 ADICIONAL 1/2014, 1ª FASE (2014.3281.0401.0)

24.- Aprobación do proxecto modificado da obra “Acondicionamento da área recreativa na Magdalena”, do Concello de Cedeira, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2015 co código 15.2100.0049.0

25.- Aprobación dos proxectos modificados dos investimentos do Concello de Sada incluídos no Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2015 cos códigos: 15.3290.0078.0, 15.3290.0079.0, 15.3290.0080.0, 15.3290.0081.0 e 15.3290.0082.0

26.- Aprobación do proxecto modificado da obra “Depuradora de augas residuais en Figueroa”, do Concello de Cariño, incluída na anualidade 2012 do Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008-2011 co código 12.3300.0293.0 e aprobación definitiva da obra.

27.- Aprobación do proxecto modificado da obra “Depuradora de augas residuais en Sismundi”, do Concello de Cariño, incluída na anualidade 2012 do Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008-2011 co código 12.3300.0294.0 e aprobación definitiva da obra

28.- Aprobación da modificación do proxecto da obra “Conservación de instalacións lúdico-deportivas no Concello de Ferrol”, do Concello de Ferrol, cofinanciado pola Deputación a través do convenio de colaboración 284/2014

29.- Aprobación da modificación do convenio de colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a Deputación provincial da Coruña e o Concello de Pontedeume para o financiamento da obra denominada “Rehabilitación e ampliación do mercado municipal de Pontedeume”, e exclusión do Plan de Acción Social (PAS) 2015

Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior

30.-Aprobación da información sobre o período medio de pago a provedores a que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de maio de 2016 e relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación e do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña entre o 1 e o 31 de maio de 2016.

31.-Aprobación do informe sobre o estado de execución orzamentaria a 31.05.2016 e proxección a 31.12.2016.

32.-Toma de coñecemento da fiscalización a posteriori dos recursos propios da Deputación provincial e dos outros entes públicos correspondentes ao exercicio 2014.

33.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación para o Fomento do Coñecemento da Construción Naval e Actividades

Marítimas (EXPONAV) para financiar a Reparación de cubertas e lucernarios do edificio de Herrerías.

ACTUACIÓN DE CONTROL

MOCIÓNS

-Moción do Grupo Provincial de Compostela Aberta para promover a adhesión da Deputación e dos concellos da provincia á Rede Internacional de Cidades da Infancia.

-Moción dos Grupos provinciais do PSd-G-PSOE, BNG-Asembleas Abertas, Alternativa dos Veciños, Marea Atlántica e Compostela Aberta relativa á eliminación da peaxe AG-55.

-Moción do Grupo Provincial Popular para a mellora da mobilidade Coruña, Arteixo, Carballo e Fisterra.

ROGOS E PREGUNTAS

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 29 DE XUÑO DE 2016

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 29 de xuño de 2016, reuniuse a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión ordinaria.

CONCORRENTES

PRESIDE O ILMO. SR.:

DON VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO

PSOE

ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTE:

D. JAVIER CAÍNZOS VÁZQUEZ	PP
D. JOSÉ CARLOS CALVELO MARTÍNEZ	PP
D. DANIEL DÍAZ GRANDÍO	MAREA ATLÁNTICA
D. JUAN JOSÉ DIESTE ORTIGUEIRA	PP
D. MANUEL DIOS DIZ	COMPOSTELA ABERTA
D. BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO	PSOE
D ^a M ^a ROCIO FRAGA SANZ	MAREA ATLÁNTICA
D ^a . M ^a ÁNGELA FRANCO POUSO	BNG
D. GUMERSINDO PEDRO GALEGO FEAL	PP
D ^a ROSA M ^a GALLEGO NEIRA	PP
D. JOSÉ ANDRÉS GARCÍA CARDESO	PP
D. JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA	PSOE
D ^a . SUSANA GARCÍA GÓMEZ	PP
D. JOSÉ GARCÍA LIÑARES	PSOE
D. ANGEL GARCÍA SEOANE	ALTERNATIVA VV.
D. AGUSTÍN HERNÁNDEZ FERNÁNDEZ DE ROJAS	PP
D. ANTONIO LEIRA PIÑEIRO	PSOE
D. MANUEL MUIÑO ESPASANDIN	BNG
D. JOSÉ LUIS OUJO POUSO	PP
D ^a MARIEL PADÍN FERNÁNDEZ	PP
D. EDUARDO JOSÉ PARGA VEIGA	PP
D. JUAN VICENTE PENABAD MURAS	PSOE

D. JOSÉ MANUEL PEQUEÑO CASTRO	PSOE
D. XOSÉ REGUEIRA VARELA	BNG
D. MANUEL RIVAS CARIDAD	PP
D. LUIS RUBIDO RAMONDE	PP
D. JULIO SACRISTÁN DE DIEGO	PSOE
D ^a . M ^a GORETTI SANMARTIN REI	BNG
D. XESÚS MANUEL SOTO VIVERO	BNG

Escútsase a Sra. Delso Carreira.

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supevía, Secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e dez minutos, o Sr. Secretario le os asuntos incluídos na orde do día, en relación aos cales, por unanimidade, excepto nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

Sr. presidente

Bos días a todos e a todas, imos empezar cun minuto de silencio polo atentado de Turquía.

(Gárdase un minuto de silencio)

1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, NÚMERO 5/16, DO 27 DE MAIO.

Apróbase a acta da sesión anterior, número 5/16, do 27 de maio.

2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA NÚMERO 11651 Á NÚMERO 15050, DE 2016.

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da número 11651 á número 15050, de 2016.

3.-PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE O NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA DEPUTACIÓN EN ORGANISMOS VARIOS.

Apróbase, por unanimidade, a ratificación da inclusión do punto na orde do día, e tamén por unanimidade, apróbase a seguinte proposición:

“Don Valentín GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Visto que o artigo 35 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 58 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), atribúelle ao Pleno a competencia para o nomeamento de representantes da Corporación en toda clase de órganos colexiados nos que deba estar representada, sen prexuízo da atribución xeral de representar á Deputación, conferida ao presidente pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL, art. 34.1.b) e das delegacións específicas da Presidencia que circunstancialmente puideran facerse,

Resulta que convén completar algún dos nomeamentos efectuados en sesión plenaria do 4 de agosto de 2015 para designar suplente ao deputado titular nomeado inicialmente, que facilite así un exercicio máis axeitado da representación outorgada polo Pleno,

En consecuencia,

PROPONLLE AO PLENO, despois da ratificación da inclusión na orde do día consonte os artigos 71.2 e 65.3 do Regulamento orgánico, a adopción do seguinte acordo:

“Nomear representantes da Corporación os deputados que se indica no organismo que a seguir se relaciona:

COMISIÓN TERRITORIAL DO PATRIMONIO HISTÓRICO-ARTÍSTICO DA CORUÑA

Don Xosé Regueira Varela

Suplente: Don Xesús Soto Vivero

Quedan sen efecto os nomeamentos anteriores que contradigan o presente acordo. Os deputados designados informarán sobre o funcionamento do organismo no que participan en representación da deputación, así como sobre a súa propia actividade no seu seo, sempre que sexan requiridos polo Pleno, polo presidente ou pola Xunta de Goberno e periodicamente nos termos que estableza o regulamento orgánico.”

4.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACIÓN CASTELAO PARA FINANCIAR AS ACTIVIDADES DO ANO 2015.

Sr. García Seoane

Simplemente dicir que me vou abster.

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados (13 do PP, 8 do PSOE, 5 do BNG, 2 de Marea Atlántica e 1 de Compostela Aberta).

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 1 deputado (Alternativa dos Veciños)

ACORDO

O Pleno por maioría, cos votos a favor do PP, PSOE, BNG, Marea Atlántica e Compostela Aberta e a abstención de Alternativa dos Veciños, acorda:

“1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 13 de xuño de 2016.

2.- Aprobar o convenio coa Fundación Castelao correspondente á subvención nominativa, por importe de 3.215,70 €, concedida para financiar as *Actividades do ano 2015*, cun orzamento subvencionado de 4.019,63 €, de acordo co texto que se achega.

“**Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Castelao para financiar as *Actividades do ano 2015*.**”

Na Coruña o

REUNIDOS

Dona Goretti Sanmartín Rei, Deputada de Cultura e Normalización Lingüística, en virtude da resolución da Presidencia núm. 29081, do 23 de decembro de 2015, pola que se lle delega competencia para asinar convenios da súa área.

Don José Carlos Mella Villar, Presidente da Fundación Castelao.

Ámbalas partes, no nome e na representación que desempeñan e coa capacidade legal para este acto

EXPOÑEN

1.- A Fundación Castelao é unha fundación privada e cultural de interese galego, sen ánimo de lucro, constituída en escritura outorgada o 28 de decembro de 1984. Foi declarada de interese galego con carácter cultural, por Orde da Consellería de Educación e Cultura da Xunta de Galicia do 29 de abril de 1985.

2.- De conformidade co artigo 6º dos seus estatutos, a Fundación ten por obxecto estimular e favorecer a cultura galega en xeral e, en particular, o fomento das artes plásticas, etnografía, socioloxía, economía, pensamento e política galegas, narrativa e teatro, campos en que tanto se distinguiu o xenio de Castelao. O medio de expresión será a lingua galega.

Para a consecución dos fins mencionados, a Fundación pode realizar ademais as seguintes actividades:

- Estudos e a súa publicación, sobre a vida, obra e pensamento de Castelao.
- Organización e celebración de seminarios preparatorios destes estudos.
- Divulgación deles.
- Instauración e dotación de bolsas con este fin.

3.- Que os art. 109.1.d) e 118.d) da Lei 5/1997, de Administración local de Galicia atribúelle ás deputacións competencias no fomento e administración dos intereses peculiares da provincia en materia de cultura. Asemade, a Lei 8/1995, do patrimonio cultural de Galicia establece a colaboración das administracións públicas na protección e defensa dos bens que integran o patrimonio cultural de Galicia.

4.- Que, en exercicio destas competencias, a Deputación da Coruña está interesada en contribuír ao financiamento das actividades da fundación para o ano 2015 e, en tal sentido, no orzamento correspondente ao presente exercicio figura unha subvención nominativa destinada ao seu financiamento.

5.- Que, co obxecto de facer efectiva a súa colaboración, ambas institucións acordan subscribir o presente convenio, conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Castelao (NIF: G15099252) para financiar as *Actividades do ano 2015*, entre as que se realizará:

- *Ciclo de conferencias sobre a organización territorial do estado*: Na cidade da Coruña durante o mes de xuño, intervindo Javier Pérez Royo, Ramón Máiz Suárez, Roberto Blanco Valdés, Pablo González Mariñas, Xavier Vence e Ramón Villares.

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria.

A Fundación Castelao desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

- Alugamento local conferencias	514,25.-
- Publicidade prensa	761,09.-
- Relatores	2.000,00.-
- Traslados relatores	554,73.-
- Aloxamento relatores	66,51.-

- Peaxes	88,20.-
- Aparcamiento	34,85.-
Total	4.019,63 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **3.215,70 €**, o que representa unha porcentaxe do **80 %**.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3341/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Fundación Castelao obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Fundación Castelao.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Fundación Castelao, nin con calquera outra na que concorran algunhas das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 euros, con carácter previo á

contratación, a Fundación Castelao deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Fundación Castelao.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada á Fundación Castelao unha vez que se presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Fundación Castelao, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2015.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* Declaración da presidencia da entidade sobre outras subvencións solicitadas e/ou concedidas por entidades públicas e/ou privadas para o mesmo obxecto ou, no seu caso, declaración da inexistencia doutras subvencións.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2015, como máximo.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Fundación Castelao deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de outubro de 2016**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Fundación Castelao para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional motivará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Fundación Castelao da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56ª 6º das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Fundación Castelao na documentación achegada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Fundación Castelao terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A Fundación Castelao deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarao esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A Fundación Castelao destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Fundación Castelao deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Fundación Castelao poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Fundación Castelao queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de

sancións dispostos nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 56ª 6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade motivará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na Lei imponse no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imponse no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imponse no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Fundación Castelao serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Fundación Castelao será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de outubro de 2016** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2015.

2.- Previa solicitude da Fundación Castelao, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, previos os informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención Provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por -----

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

5.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN FOLCLÓRICA E CULTURAL ORBALLO DE PONTEDEUME PARA FINANCIAR A ASISTENCIA AO “FESTIVAL DE LOS PUEBLOS DE EUROPA” EN ZAKOPANE.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Aprobar a concesión de subvención nominativa á Asociación Folclórica e Cultural Orballo para financiar a súa *asistencia ao “Festival de los Pueblos de Europa” en Zakopane*, por importe de 26.400 €, cun orzamento subvencionado de 33.000 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2017, autorice o correspondente orzamento.

4.- A aprobación e eficacia do presente convenio queda condicionada á existencia de crédito dispoñible e suficiente, logo de ter aprobado definitivamente e contabilizado o EMC 2/2016, no que se contén un crédito por importe de 26.400 €, para facer fronte ao presente gasto.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Folclórica e Cultural Orballo de Pontedeume para financiar a asistencia ao “Festival de los Pueblos de Europa” en Zakopane.

Na Coruña o

REUNIDOS

Dona Goretti Sanmartín Rei, Deputada de Cultura e Normalización Lingüística, en virtude da resolución da Presidencia núm. 29081, do 23 de decembro de 2015, pola que se lle delega competencia para asinar convenios da súa área.

Don Eduardo José Mourelle Botana, Presidente da Asociación Folclórica e Cultural Orballo de Pontedeume.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que desempeñan, e recoñecendo reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

1.- A Asociación Folclórica e Cultural Orballo de Pontedeume é unha entidade privada na que se integran un total de 170 persoas asociadas.

2.- Esta entidade ten como obxectivos primordiais o desenvolvemento e defensa dos intereses culturais dos seus membros, así como a defensa, desenvolvemento e difusión da cultura galega, nomeadamente nos campos do baile e da música galega.

3.- Neste contexto, a Asociación Folclórica e Cultural Orballo de Pontedeume foi elixida para representar a España, Galicia e Pontedeume no *Festival de Zakopane (Polonia)*, en agosto de 2016.

4.- A Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Folclórica e Cultural Orballo de Pontedeume coinciden no seu común interese en realizar este proxecto cultural e, por iso, acordan formalizar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Folclórica e Cultural Orballo de Pontedeume (NIF: G15076003) para financiar a **asistencia ao “Festival de los Pueblos de Europa” en Zakopane**, que terá lugar entre os días 19 e 26 de agosto de 2016.

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria.

A Asociación Folclórica e Cultural Orballo de Pontedeume desenvolverá a actividade programada, segundo se define na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Concepto	Importe
Transporte e billetes de avión (ida e volta)	25.000,00 €
Transporte de vestiario a Zakopane e necesidades técnicas de escenario	8.000,00 €
Total	33.000,00 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **26.400 €**, o que representa unha porcentaxe do **80,00 %**.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustifico non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3343/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre o que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación Folclórica e Cultural Orballo de Pontedeume obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustifico.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustifico, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Asociación Folclórica e Cultural Orballo de Pontedeume.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Asociación Folclórica e Cultural Orballo de Pontedeume, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 €, con carácter previo á contratación, a Asociación Folclórica e Cultural Orballo de Pontedeume deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberá constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Asociación Folclórica e Cultural Orballo de Pontedeume.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada á Asociación Folclórica e Cultural Orballo de Pontedeume unha vez que se presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Asociación Folclórica e Cultural Orballo de Pontedeume, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2016.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán realizarse durante o **mes de agosto de 2016**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Asociación Folclórica e Cultural Orballo de Pontedeume deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2017**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Asociación Folclórica e Cultural Orballo de Pontedeume para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional motivará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Asociación Folclórica e Cultural Orballo de Pontedeume da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación Folclórica e Cultural Orballo de Pontedeume.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Asociación Folclórica e Cultural Orballo de Pontedeume terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A Asociación Folclórica e Cultural Orballo de Pontedeume deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A Asociación Folclórica e Cultural Orballo de Pontedeume destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación Folclórica e Cultural Orballo de Pontedeume deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto desta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación Folclórica e Cultural Orballo de Pontedeume poderá ser escollida pola Intervención Provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación Folclórica e Cultural Orballo de Pontedeume queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións disposto nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade motivará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación Folclórica e Cultural Orballo de Pontedeume serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación Folclórica e Cultural Orballo de Pontedeume será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina

web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2017** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2016.

2.- Despois da solicitude da Asociación Folclórica e Cultural Orballo de Pontedeume, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderanlle ao presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención Provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

6.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FEDERACIÓN GALEGA DE BALONCESTO CORRESPONDENTE Á SUBVENCIÓN NOMINATIVA CONCEDIDA PARA FINANCIAR A CELEBRACIÓN DO 30 ANIVERSARIO COPA GALICIA 2015.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 14 de xuño de 2016.

2.- Aprobar o convenio coa Federación Gallega de Baloncesto correspondente á subvención nominativa concedida por importe de 2.000€, para financiar a celebración do 30 Aniversario Copa Galicia 2015, cun orzamento subvencionado de 13.052,83 €, de acordo co texto que se achega.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Federación Galega de Baloncesto correspondente á subvención nominativa concedida para financiar a celebración do 30 Aniversario Copa Galicia 2015

A Coruña,

REUNIDOS

D. José García Liñares, deputado de Deporte e Mocidade, en virtude da Resolución da Presidencia número 2015/15671 e 2015/16642, pola que se lle delega competencia para asinar convenios da súa area.

D. Francisco Martín Micó, presidente da **Federación Gallega de Baloncesto**

MANIFESTAN

Que ambas as dúas partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que a Deputación Provincial da Coruña, coñecedora da necesidade de impulsar o fomento do deporte está interesada en colaborar coas entidades que promocionen a práctica deportiva e en especial con aqueles programas de apoio e fomento do deporte

Que a **Federación Gallega de Baloncesto** é unha entidade dedicada a realizar programas de apoio e fomento do deporte na provincia.

En función das consideracións anteriores, a Deputación Provincial da Coruña e a **Federación Gallega de Baloncesto**, coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a **Federación Gallega de Baloncesto** (CIF:V15115306) para **financiar a celebración do 30 Aniversario Copa Galicia 2015**

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria.

A **Federación Gallega de Baloncesto** desenvolveu as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
Material deportivo (axuda)	3.012,76 €
Trofeos e medallas	1.528,00 €
Gastos instalación e persoal de pista	1.000,00 €
Arbitraxes	2.679,40 €
Presentación evento	705,10 €
Publicidade, vinilos, pancartas	1.143,00 €
Aloxamento	518,00 €
Desprazamentos persoal	540,00 €
Autobús (equipos)	900,00 €
Gastos persoal (nóminas)	1.026,57 €
TOTAL	13.052,83 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **2.000 €**, o que representa unha porcentaxe do 15,32%. No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total establecido na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 15,32%, da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/341.1/481, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito de abondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á **Federación Gallega de Baloncesto**. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas, nin con **a Federación Gallega de Baloncesto** nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, **a Federación Gallega de Baloncesto** deberá solicitar, polo menos, tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3.No caso de que **a Federación Gallega de Baloncesto** tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirille á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- Publicidade e financiamento provincial.

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da **Federación Gallega de Baloncesto**.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada á **Federación Gallega de Baloncesto** unha vez que se presente a seguinte documentación:

.- Memoria de actuación (asinada en todas as follas), subscrita polo representante legal da **Federación Gallega de Baloncesto** xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

.- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes (con IVE e sen IVE) e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

.- Con esta relación chegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto, que deberán estar comprendidas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2015.

.- No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

.- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

.- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación. O beneficiario deberá ter aberta unha conta bancaria con título "Fondos para atender a actividade *-a celebración do 30 Aniversario Copa Galicia 2015-*". Con cargo a dita conta deberán efectuarse todos os cobros e pagos que correspondan a actividade subvencionada. Un extracto dos movementos da conta citada deberá remitirse á Deputación provincial xunto coa xustificación documental da aprobación dos fondos provinciais á finalidade prevista.

.- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira remataron o día **31 de decembro de 2015**.

2. Unha vez rematadas as actividades, a **Federación Gallega de Baloncesto** deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do día **31 de outubro de 2016**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a unidade xestora remitiralle un requirimento á **Federación Gallega de Baloncesto** para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á **Federación Gallega de Baloncesto** da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56 das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola **Federación Gallega de Baloncesto** na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda a **Federación Gallega de Baloncesto**, terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación.

1. A **Federación Gallega de Baloncesto** deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1. A **Federación Gallega de Baloncesto** destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€ nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a **Federación Gallega de Baloncesto** deberá contar, polo menos, cun

registro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, **a Federación Gallega de Baloncesto** poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, **a Federación Gallega de Baloncesto** queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións establecidas nas normas citadas e na Base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00€ se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00€.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€ Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€, e se a extemporaneidade da xustificación excede de

tres meses, a sanción imponse no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da **a Federación Gallega de Baloncesto** serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade establecida no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención **á Federación Gallega de Baloncesto** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de decembro de 2016** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán realizarse dende o 1 de xaneiro de 2015 até o 31 de decembro de 2015.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o exercicio de 2016, autorice o correspondente orzamento.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da **Federación Gallega de Baloncesto**.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

7.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CARBALLO PARA FINANCIAR O “MANTEMENTO DA UNIDADE ASISTENCIAL DE DROGODEPENDENCIAS. ANO 2016”.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1. Exceptuar para a tramitación do presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións, e 65 a 67 do seu regulamento.

2. Aprobar a formalización e o texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Carballo (P1501900C) para financiar o “Mantemento da Unidade Asistencial de Drogodependencias. Ano 2016” cunha achega da Deputación de 20.000,00 €, que supón unha porcentaxe do 8,20 % do orzamento subvencionado, que é de 243.722,53 €, importe que será aboado conforme ao disposto nas cláusulas VI e VIII do Texto do convenio, e con cargo á partida 0611/23121/46201 do orzamento vixente.

3. Condicionar o presente gasto a existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2017 tendo en conta que a vixencia do convenio se estende ata o 31 de maio de 2017.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CARBALLO PARA O “MANTEMENTO DA UNIDADE ASISTENCIAL DE DROGODEPENDENCIAS NO ANO 2016”

Na Coruña,

Reunidos

Dunha Dna. Ánxela Franco Pouso, deputada de Benestar Social, Educación e Políticas de Igualdade, en virtude das Resolucións da Presidencia nº 15671/2015 e 16642/2015 polas que se lle delega competencia para asinar convenios na súa área.

E doutra parte D. Evencio Ferrero Rodríguez, alcalde presidente do Concello de Carballo.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Que o Concello de Carballo é competente para a xestión da Unidade Asistencial de Drogodependencias, conforme co establecido no art. 25 da Lei de bases de réxime local 7/85 de 2 de abril e art. 62 e 14 da Lei de servizos sociais de Galicia 13/2008.

Que a Deputación da Coruña é competente para colaborar na xestión indicada, conforme ao establecido na citada Lei de bases de réxime local art. 36, de conformidade coa Lei de admón. local de Galicia 5/97 art. 109 e 119 así como co disposto na Lei de servizos sociais de Galicia 13/2008, art. 61 a 63.

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Carballo ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Carballo co CIF P-1501900C, para o financiamento dos gastos de mantemento da Unidade Asistencial de Drogodependencia que presta servizos de atención e tratamento de drogodependencias así como programas de protección da saúde, aos concellos de Camariñas, Fisterra, Malpica, Cee, Laracha, Muxía, Ponteceso, Coristanco, Laxe, Cabana, Vimianzo, Zas, Corcubión e Dumbría.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA

O Concello de Carballo levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
1.- Gastos de persoal	
1.1. Retribucións básicas e complementarias	146.397,32
1.2. Seguridade Social	46.837,01
1.3. Gastos formación do persoal e locomoción do persoal	2,000,00
2.- Produtos farmacéuticos e sanitarios	
2.1. Produtos farmacéuticos	2.500,00

2.2. Metadona	500,00
2.3. Material sanitario de consumo	5.000,00
3.- Outros aprovisionamentos	
3.1. Material de limpeza e aseo	1.288,20
3.2. Material de oficina diverso	2.000,00
4.- Servizos exteriores	
4.1. Limpeza	7.200,00
4.2. Traballos realizados por outras empresas (vixilancia)	30.000,00
TOTAL DO GASTO	243.722,53

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 20.000,00 €, o que representa unha porcentaxe do 8,20%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total establecido na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 8,20%, da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando o Concello de Carballo que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23121/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. Para a anualidade 2016 existe crédito de abondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle ao Concello de Carballo de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para o dito ano e a que nel existe dotación orzamentaria adecuada e suficiente para afrontar o gasto.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma

finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle ao Concello de Carballo o outorgamento dos contratos de subministracións, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2. No procedemento de contratación, o Concello de Carballo axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. No caso de que o Concello de Carballo tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello de Carballo.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade prevista no disposto na base 57^a das de execución do orzamento para o ano 2016 ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagábel, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do Concello de Carballo pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionábel unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar, polo menos, os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- O Concello de Carballo estará obrigado a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditala mediante a presentación dos documentos que o acrediten.

2 - Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do 50 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do Concello de Carballo, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.

3. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Carballo na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o Concello de Carballo terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII.- TERMO PARA A REALIZACION DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como se describen na cláusula primeira, deberán estar realizadas desde o **1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2016**.

2. Unha vez realizada a actividade, o Concello de Carballo deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta, **antes do 31 de maio de 2017**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Carballo para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades establecidas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Carballo da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56ª.6 das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Carballo na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos

compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o Concello de Carballo terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O Concello de Carballo deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante a declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial será determinada por esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O Concello de Carballo destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Carballo poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Carballo queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓN E SANCIÓN

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas establecidas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións establecidas nas normas citadas e na base 56ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 56ª.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓN E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Carballo serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Carballo será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1.O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de xaneiro do 2016, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e o convenio conservará a súa vixencia ata o día **31 de maio de 2017**, todo isto condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio presupostario correspondente.

2.Para o caso de que o Concello de Carballo non poida ter presentada a xustificación antes do día **31 de maio de 2017**, deberá solicitar, polo menos, dous meses antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 50% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do **31 de outubro de 2017**. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o Concello de Carballo perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do Concello de Carballo, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por o día _____ de _____ de _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

A DEPUTADA DE BENESTAR SOCIAL,
EDUCACIÓN E POLÍTICAS DE IGUALDADE

O ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE CARBALLO

Ánxela Franco Pouso

Evencio Ferrero Rodríguez

8.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O COMITÉ CIUDADANO ANTI-SIDA DE CORUÑA (CASCO) PARA FINANCIAR O “MANTEMENTO DA REDE DE PISOS DE ACOLLIDA E ATENCIÓN DE PERSOAS SEROPOSITIVAS EN SITUACIÓN DE EXCLUSIÓN SOCIAL NO ANO 2016”.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1. Exceptuar para a tramitación do presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións, e 65 a 67 do seu regulamento.

2. Aprobar a formalización e o texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña (CASCO), NIF(V15279219) para financiar o “Mantemento da Rede de Pisos de Acollida e Atención de persoas seropositivas en situación de exclusión social no ano 2016” cunha achega da Deputación de 60.000,00 €, que supón unha porcentaxe do 29,49 % do orzamento subvencionado, que é de 203.394,80 €, importe que será aboado conforme ao previsto nas cláusulas VI e VIII do texto do convenio, e con cargo á partida 0611/23121/481 do orzamento vixente.

3. Condicionar o presente gasto á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2017 tendo en conta que a vixencia do convenio se estende ata o 31 de maio de 2017.

Nº 2016/

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O COMITÉ CIUDADANO ANTI-SIDA DE CORUÑA PARA FINANCIAR O “MANTEMENTO DA REDE DE PISOS DE ACOLLIDA E ATENCIÓN DE PERSOAS SEROPOSITIVAS EN SITUACIÓN DE EXCLUSIÓN SOCIAL ANO 2016”

Na Coruña, o de de na sede da Deputación Provincial da Coruña

REUNIDOS

Dna. Ánxela Franco Pouso, deputada de Benestar Social, Educación e Políticas de Igualdade

Dna. Celsa Díaz Cabanela, presidenta do Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Que a entidade Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña é competente conforme aos seus estatutos art. 3, c) que indican que desenvolverán entre outras a actividade de promover e desenvolver pisos de acollida para persoas con VIH/SIDA, sen recursos.

Que a Deputación da Coruña, é competente para a colaboración establecida no convenio, de conformidade coa Lei de bases de réxime local 7/85 do 2 de abril , art. 36 e coa Lei de Admón. Local de Galicia 5/97, art. 109 e 119, así como co disposto na Lei de servizos sociais de Galicia 13/2008, art. 61 a 63.

Dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña, ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña, con CIF V15279219, para o financiamento de gastos do persoal de servizo especializado necesario para o mantemento da rede de pisos de acollida para persoas seropositivas en situación de exclusión social, situados na cidade da Coruña.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA

O Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

Concepto		Importe
Gastos do persoal do piso de acollida VIH	Soldos e salarios	91.116,00 €
	Seguridade Social	28.792,20 €
Gastos do persoal do piso de inserción	Soldos e salario	66.500,00 €
	Seguridade Social	21.235,60 €
Total		203.394,80 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **60.000,00€**, o que representa unha porcentaxe de **29,49%**. No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **29,49%**, da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando o Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **29,49%**, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0611/23121/481**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña, nin con calquera outra na que concorran algunhas das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, o Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña deberá solicitar, polo menos, tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos (dípticos, carteis, notas de prensa...), radiofónicos ou televisivos, audiovisuais ou internet (na súa páxina web...), carpa e accesorios, etc. deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada ó Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.
- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2016**.

2. Unha vez rematadas as actividades, o Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2017**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56ª.6 das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O Comité Ciudadano Anti-Sida de Coruña deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante a declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial será determinada por esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O Comité Ciudano Anti-Sida de Coruña destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

Aprobar o proxecto modificado da obra “Acondicionamento de área recreativa na Magdalena” do Concello de Cedeira, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2015 co código 15.2100.0049.0, que foi adxudicada polo concello en maio de 2015 por importe de 38.841,00 euros e posteriormente liquidado o dito contrato por cero euros en abril de 2016, debendo ser obxecto dunha nova licitación, e que aínda que non supón modificación do seu orzamento total, varía a achega de deputación, que coincide co importe da adxudicación inicial, e tamén implica unha alteración das partidas internas do seu orzamento superior ao 30% con respecto ao proxecto inicial, sendo o seu novo financiamento o seguinte:

Código	Concello	Denominación	FINANCIAMENTO		
			Deputación F. propios	Concello	Orzamento Total
15.2100.0049.0	Cedeira	Acondicionamento de área recreativa na Magdalena	38.841,00	11.148,65	49.989,65

A achega provincial a esta obra que ascende a 38.841,00 € financiarase con cargo á partida 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial.”

25.- APROBACIÓN DOS PROXECTOS MODIFICADOS DOS INVESTIMENTOS DO CONCELLO DE SADA INCLUÍDOS NO PLAN DE AFORRO E INVESTIMENTO (PAI) 2015 COS CÓDIGOS: 15.3290.0078.0, 15.3290.0079.0, 15.3290.0080.0, 15.3290.0081.0 E 15.3290.0082.0

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Logo de ver o acordo que adoptou o Pleno desta deputación, na sesión ordinaria do 27 de marzo de 2015, polo que se aprobou o Plan de aforro e investimento (PAI) 2015, no marco das súas Bases reguladoras, aprobadas mediante acordo plenario do 27 de novembro de 2014 (BOP número 231, do 2 de decembro de 2014) e modificadas mediante novo acordo do 8 de outubro de 2015 (BOP número 196 do 14 de outubro de 2015) no que se inclúen os investimentos que máis adiante se indican

Logo de presentar telematicamente o Concello de Sada 5 proxectos modificados dos investimentos incluídos neste plan, sen variación do seu orzamento total, aprobados polo concello previos os correspondentes informes favorables

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

Aprobar os proxectos modificados dos investimentos do Concello de Sada incluídos no Plan de aforro e investimento (PAI) 2015 cos códigos: 15.3290.0078.0, 15.3290.0079.0, 15.3290.0080.0, 15.3290.0081.0 e 15.3290.0082.0, cos datos que se indican e que, aínda que están sen adxudicar e que non supoñen modificación dos seus orzamentos totais, nin variación do seu obxecto e finalidade, si implican unha variación interna das partidas orzamentarias dos proxectos superior ao 30%.

Concello	Código	Denominación	FINANCIAMENTO		
			Préstamo deputación	Achega concello	Orzamento Total
Sada	15.3290.0078.0	MELL. EFIC. ENERXÉTICA AVDA. R. ARXENTINA E OU.	44.343,93	0,00	44.343,93
	15.3290.0079.0	MELL. EFIC. ENERXETICA ESTR. SADA A CASTELO	43.553,95	0,00	43.553,95
	15.3290.0080.0	MELL. EFIC. ENERXETICA ESTR. SADA A CARNOEDO	43.553,95	0,00	43.553,95
	15.3290.0081.0	MELLORA EFICIENCIA NA AVDA. BARRIÉ DA MAZA	46.994,22	0,00	46.994,22
	15.3290.0082.0	MELL. EFIC. ENERXETICA ESTR. SADA A MEIRÁS	43.553,95	0,00	43.553,95

O financiamento destes investimentos farase con cargo á partida 0430/9432/82120 do vixente orzamento provincial.”

26.- APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA OBRA “DEPURADORA DE AUGAS RESIDUAIS EN FIGUEROA”, DO CONCELLO DE CARIÑO, INCLUÍDA NA ANUALIDADE 2012 DO PLAN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS (PCC) 2008-2011 CO CÓDIGO 12.3300.0293.0 E APROBACIÓN DEFINITIVA DA OBRA.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Logo de ver o acordo que adoptou o Pleno desta deputación, na sesión ordinaria do 27 de abril de 2012, publicado no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 82, do 2 de maio de 2012, en relación coa Resolución da Presidencia desta Corporación provincial nº 8634, do 24 de maio de 2012, polo que se aprobou a anualidade 2012 do Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008-2011

Tendo en conta que no apartado 2 do citado acordo do 27 de abril de 2012 se indica que a aprobación definitiva das obras dalgúns concellos quedaba condicionada á realización das condicións suspensivas que se detallan para cada obra, entre as que figura a obra do Concello de Cariño que se indica na seguinte táboa:

Condicións da obra do Concello de Cariño “Depuradora de augas residuais en Figueroa”, incluída no PCC 2012 co código 12.3300.0293.0
<ul style="list-style-type: none"> • Acreditación da obtención da autorización autonómica protección espazos naturais • Acreditación da obtención da autorización de Augas de Galicia • Acreditación da obtención da autorización da S. X. de Ordenación do Territorio e Urbanismo • Acreditación da obtención da autorización D.X. de Sustentabilidade e Paisaxe da Xunta • Acreditación da obtención da autorización da D.X. de conservación da natureza • Acreditación da obtención da autorización D. X. Desenvolvemento Pesqueiro (S.X. do Mar) • Acreditación da dispoñibilidade dos terreos

Logo de presentar o Concello de Cariño as autorizacións e informes sectoriais aos que estaba sometida a aprobación definitiva desta obra así como un proxecto modificado no que ademais de actualizarse os prezos do proxecto inicial, previos os correspondentes informes favorables, dáse cumprimento aos condicionantes impostos polos distintos organismos sectoriais nos ditos informes e autorizacións

Logo de ver as Bases reguladoras do PCC 2008/2011, aprobadas polo Pleno desta Deputación o 30 de maio de 2008 e publicadas no BOP número 128 do 5 de xuño de 2008 e posteriormente modificadas mediante novo acordo plenario do vinte e cinco de xuño de 2010 e publicadas no BOP número 121 do 29 de xuño de 2010

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

1.- Aprobar o proxecto modificado da obra “Depuradora de augas residuais en Figueroa”, do Concello de Cariño, incluída na anualidade 2012 do Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008-2011 co código 12.3300.0293.0, no que se actualizan os prezos do proxecto inicial e se dá cumprimento aos condicionantes esixidos para a súa execución polos organismos sectoriais correspondentes e que representa un incremento no seu orzamento respecto do proxecto inicialmente aprobado que é asumido integramente polo Concello de Cariño, tal e como se indica no seguinte cadro:

“Depuradora de augas residuais en Figueroa”, do Concello de Cariño, código 12.3300.0293.0						
Axentes Cofinanciadores	Contrata Proxecto Inicial (18% IVE)	Contrata Proxecto modificado (18% IVE)	Contrata Diferenza (18% IVE)	Contrata Proxecto Inicial (21% IVE)	Contrata Proxecto modificado (21% IVE)	Contrata Diferenza (21% IVE)
<i>Deputación</i>	103.825,12	103.825,12	0,00	103.825,12	103.825,12	0,00
<i>Concello</i>	8.781,37	11.196,09	2.414,72	11.644,25	14.120,36	2.476,11
Total	112.606,49	115.021,21	2.414,72	115.469,37	117.945,48	2.476,11

A achega provincial ao proxecto modificado desta obra financiarase con cargo á partida 0430/4591/76201 do vixente orzamento provincial.

2.- Considerar cumpridas as condicións ás que foi sometida esta obra, segundo o acordo plenario desta deputación do 27 de abril de 2012, e aprobala definitivamente, toda vez que o Concello de Cariño presentou a documentación xustificativa do seu cumprimento.

3.- Notificar esta resolución ao Concello de Cariño para os efectos de que poida iniciar a contratación e a execución desta obra incluída no PCC 2012.”

27.- APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA OBRA “DEPURADORA DE AUGAS RESIDUAIS EN SISMUNDI”, DO CONCELLO DE CARIÑO, INCLUÍDA NA ANUALIDADE 2012 DO PLAN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS (PCC) 2008-2011 CO CÓDIGO 12.3300.0294.0 E APROBACIÓN DEFINITIVA DA OBRA

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Logo de ver o acordo que adoptou o Pleno desta Deputación, na sesión ordinaria do 27 de abril de 2012, publicado no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 82, do 2 de maio de 2012, en relación coa Resolución da Presidencia desta Corporación provincial nº 8634, do 24 de maio de 2012, polo que se aprobou a anualidade 2012 do Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008-2011

Tendo en conta que no apartado 2 do citado acordo do 27 de abril de 2012 se indica que a aprobación definitiva das obras dalgúns concellos quedaba condicionada á realización das condicións suspensivas que se detallan para cada obra, entre as que figura a obra do Concello de Cariño que se indica na seguinte táboa:

Condicións da obra do Concello de Cariño “Depuradora de augas residuais en Sismundi”, incluída no PCC 2012 co código 12.3300.0294.0
<ul style="list-style-type: none">• Acreditación da obtención da autorización de Augas de Galicia• Acreditación da obtención da autorización da S. X. de Ordenación do Territorio e Urbanismo• Acreditación da obtención da autorización D.X. de Sustentabilidade e Paisaxe da Xunta• Acreditación da obtención da autorización da D.X. de Conservación da Natureza• Acreditación da obtención da autorización D. X. Desenvolvemento Pesqueiro (S.X. do Mar)• Autorización Deputación da Coruña• Acreditación da dispoñibilidade dos terreos

Logo de presentar o Concello de Cariño as autorizacións e informes sectoriais aos que estaba sometida a aprobación definitiva desta obra, así como un proxecto modificado no que ademais de actualizarse os prezos do proxecto inicial, previos os correspondentes informes favorables, se dá cumprimento aos condicionantes impostos polos distintos organismos sectoriais nos ditos informes e autorizacións

Logo de ver as Bases reguladoras do PCC 2008/2011, aprobadas polo Pleno desta Deputación o 30 de maio de 2008 e publicadas no BOP número 128 do 5 de xuño de 2008 e posteriormente modificadas mediante novo acordo plenario do vinte e cinco de xuño de 2010 e publicadas no BOP número 121 do 29 de xuño de 2010

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

1.- Aprobar o proxecto modificado da obra “Depuradora de augas residuais en Sismundi”, do Concello de Cariño, incluída na anualidade 2012 do Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008-2011 co código 12.3300.0294.0, no que se actualizan os prezos do proxecto inicial e se dá cumprimento aos condicionantes esixidos para a súa execución polos organismos sectoriais correspondentes e que representa un incremento no seu orzamento respecto do proxecto inicialmente aprobado que é asumido integramente polo Concello de Cariño, tal e como se indica no seguinte cadro:

“Depuradora de augas residuais en Sismundi”, do Concello de Cariño, código 12.3300.0294.0							
Axentes Cofinanciadores	Contrata Proxecto Inicial (18% IVE)	Contrata Proxecto modificado (18% IVE)	Contrata Diferenza (18% IVE)		Contrata Proxecto Inicial (21% IVE)	Contrata Proxecto modificado (21% IVE)	Contrata Diferenza (21% IVE)
<i>Deputación</i>	96.766,41	96.766,41	0,00		96.766,41	96.766,41	0,00
<i>Concello</i>	8.184,35	11.173,57	2.989,22		10.852,59	13.917,81	3.065,22
<i>Total</i>	104.950,76	107.939,98	2.989,22		107.619,00	110.684,22	3.065,22

A achega provincial ao proxecto modificado desta obra financiarase con cargo á partida 0430/4591/76201 do vixente orzamento provincial.

2.- Considerar cumpridas as condicións ás que foi sometida esta obra, segundo o acordo plenario desta deputación do 27 de abril de 2012, e aprobala definitivamente, toda vez que o Concello de Cariño presentou a documentación xustificativa do seu cumprimento.

3.- Notificar esta resolución ao Concello de Cariño para os efectos de que poida iniciar a contratación e a execución desta obra incluída no PCC 2012.”

28.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO DA OBRA “CONSERVACIÓN DE INSTALACIÓNS LÚDICO-DEPORTIVAS NO CONCELLO DE FERROL”, DO CONCELLO DE FERROL, COFINANCIADO POLA DEPUTACIÓN A TRAVÉS DO CONVENIO DE COLABORACIÓN 284/2014

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto se considera levantado o reparo de Intervención a este expediente.

Logo de ver o acordo do Pleno desta Corporación do 31 de outubro de 2014, polo que se aproba, entre outros, o convenio de colaboración co Concello de Ferrol para o financiamento da obra que máis adiante se indica

Logo de aprobar o Concello de Ferrol un proxecto modificado desta obra, mediante Resolución da Alcaldía do 18 de maio de 2016 previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA

Aprobar o proxecto modificado da obra que deseguido se indica, cofinanciado por esta deputación a través do convenio de colaboración 284/2014, aprobado polo pleno provincial en sesión realizada o 31 de outubro de 2014, que non representa unha variación no seu orzamento total respecto ao do seu proxecto técnico inicial, nin varía

a súa finalidade, aínda que si introduce variacións debido a erros ou omisións nalgunhas das especificacións técnicas do proxecto inicial, que alteran internamente o seu contido

Concello	Nº Convenio	Denominación	Deputación Fondos propios	Concello	Orzamento Total
Ferrol	284/2014	Conservación de instalacións lúdico deportivas no concello de Ferrol	256.512,63 €	64.128,16 €	320.640,79 €

A achega provincial a esta obra financiarase con cargo á partida 0430/342/76201 do vixente orzamento provincial.”

29.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA, A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE PONTEDEUME PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA DENOMINADA “REHABILITACIÓN E AMPLIACIÓN DO MERCADO MUNICIPAL DE PONTEDEUME”, E EXCLUSIÓN DO PLAN DE ACCIÓN SOCIAL (PAS) 2015.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto se considera levantado o reparo de Intervención a este expediente.

Logo de ver o acordo do Pleno da Deputación do 27 de novembro de 2015 relativo á aprobación do convenio de colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a Deputación provincial da Coruña e o Concello de Pontedeume para o financiamento da obra denominada “Rehabilitación e ampliación do mercado municipal de Pontedeume”

Logo de ver a solicitude presentada polo Concello de Pontedeume de modificación do Convenio, coa finalidade de cambiar a distribución por anualidades das achegas da Consellería de Economía, Emprego e Industria, a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Pontedeume, e realizar outros cambios

1.- Aprobar a modificación do convenio de colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Pontedeume, para o financiamento da obra denominada “Rehabilitación e ampliación do mercado municipal de Pontedeume”, aprobado polo Pleno da Deputación o 27 de novembro de 2015, coa finalidade de modificar a distribución por anualidades das achegas das administracións cofinanciadoras e introducir outros cambios que afectan principalmente ás seguintes cláusulas:

- **Introdución:** Cambio do nome do deputado responsable da Área de Cooperación cos concellos e data do convenio
- **Cláusula 2:**
 - o Modifica o apartado relativo á achega da Xunta de Galicia
 - o Modifica a táboa de distribución do financiamento que queda como segue:

ANUALIDADE	CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA	DEPUTACIÓN DA CORUÑA	CONCELLO DE PONTEDEUME	TOTAL
2016	158.280,00	0,00	0,00	158.280,00
2017	373.358,00	502.398,23	560.878,77	1.436.635,00
TOTAL	531.638,00	502.398,23	560.878,77	1.594.915,00

- **Cláusula 3:** engade dous guións a esta cláusula que regula os gastos subvencionables, un relativo á subcontratación e outro no que se indica que “calquera incremento que se derive da execución do contrato de obra, liquidacións ou de outro concepto deberá ser financiado integramente polo concello”

- **Cláusula 4:** Elimina o anterior apartado 4.3 relativo á inclusión da obra no PAS 2015
- **Cláusula 5:**
 - Engade un apartado 1.6 relativo ao pago da achega da Xunta de Galicia
 - Modifica o apartado 2 relativo ao pago da achega da Deputación, eliminando a remisión ao pago de acordo coas bases do PAS 2015 e incorporando a forma de pago prevista na base 57.
- **Cláusula 6 :** Modifica algúns apartados relativos á responsabilidade na contratación das actuacións
- **Cláusula 8:** Engade un apartado 2 relativo á publicidade do convenio
- **Cláusula 16:** Na remisión normativa elimínase a referencia ás bases do PAS 2015

O texto completo do convenio modificado figura como anexo a este expediente.

2.- Excluir esta obra do PAS (código 2015.3110.0406.0) de modo que pasa a regularse unicamente polo contido deste convenio.

3.- O financiamento da achega provincial a este convenio realízase con cargo á partida 0430/4314/76201 do vixente orzamento provincial.

Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

4.- A aprobación definitiva deste convenio queda condicionada a que o Concello de Pontedeume acredite a total dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA, A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE PONTEDEUME PARA A REHABILITACIÓN E AMPLIACIÓN DO MERCADO MUNICIPAL DE PONTEDEUME

Santiago de Compostela, ----- de ----- de dous mil dezaseis, na sede da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

REUNIDOS

Dunha parte Don Francisco Conde López, conselleiro de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, en virtude do nomeamento efectuado no Decreto 124/2015, do 4 de outubro, actuando no exercicio do seu cargo e das competencias que lle confire o artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta de Galicia e da súa Presidencia, modificada polas Leis 11/1988, do 20 de outubro; 7/2002, do 27 de decembro; 2/2007 do 28 de marzo e 12/2007 do 27 de xullo e o acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo do 1991, feito público mediante resolución da Consellería de Economía e Facenda, do 8 de abril de 1991 (DOG núm. 82, do 30 de abril de 1991).

Don Xosé Regueira Varela, deputado responsable da Área de Cooperación cos concellos da Deputación Provincial da Coruña, que actúa en nome e representación da dita corporación, por delegación do seu presidente D. Valentín González Formoso, realizada mediante Resolución de Presidencia número 29081 do 23 de decembro de 2015, en relación co art. 34 da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), modificada pola Lei 57/2003 do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.

Don Bernardo Fernández Piñeiro, alcalde-presidente do concello de Pontedeume, que actúa en nome e representación do dito concello, e facultado para ese outorgamento en virtude do disposto no art. 21.1 da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), modificada pola Lei 57/2003 do 16 de decembro, así como o establecido no acordo plenario adoptado en sesión extraordinaria urxente celebrada o día 5 de novembro de 2015, no punto 2.- PAS convenios, 2015, obra rehabilitación e ampliación do mercado municipal de Pontedeume.

As partes, na representación que ostentan teñen capacidade legal para asinar o presente convenio e na súa virtude,

EXPOÑEN

PRIMEIRO. Á Consellería de Economía, Emprego e Industria (en adiante a consellería) correspóndelle a planificación, coordinación e control das competencias da consellería en materia de comercio interior e concretamente a Dirección Xeral de Comercio ten atribuídas, entre outras funcións, a promoción, fomento, modernización e desenvolvemento do comercio e a programación e xestión de axudas destinadas a estes fins, nos termos recollidos no Decreto 175/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía, Emprego e Industria (DOG nº 232, do 4 de decembro de 2015).

A consellería, entregada na tarefa de acadar a reactivación da economía galega, conta co tecido comercial como un dos colaboradores principais e necesarios. O comercio dinamiza a economía ao tempo que actúa como unha rede capaz de vertebrar o progreso de toda a comunidade. Neste escenario é preciso incrementar a competitividade do comercio polo miúdo e modernizar e adecuar o comercio de proximidade co fin de que mellore a súa atracción comercial, así como adaptar os establecementos ás necesidades do usuario, e que o consumidor alcance o servizo desexado.

A adecuación e mellora dos equipamentos comerciais municipais constitúen un elemento clave para o desenvolvemento do comercio, e así se considera no programa de obxectivos da Dirección Xeral de Comercio, que no seu conxunto, pretende contribuír a construír un sector comercial galego máis competitivo e dinámico. Para estes efectos, as actuacións desenvolvidas polos concellos no ámbito comercial resultan imprescindibles e así o considera a consellería, que persegue, entre outras finalidades, fomentar a cooperación e coordinación entre os diferentes axentes, tanto públicos como privados, implicados no sector comercial de venda polo miúdo; e moi especialmente os mercados municipais que teñen unha singular significación por constituír espazos de centralidade comercial con capacidade de xerar actividades complementarias ao seu redor, ao tempo que constitúen unha canle de comercialización moi eficaz de produto fresco derivado do mar, a horta e a gandería.

É preciso, polo tanto, acondicionar estes espazos ás necesidades actuais, tanto dos comerciantes como dos consumidores para potenciar o desenvolvemento desta fórmula de distribución comercial, e que se enmarca nos obxectivos, no eido competencial da consellería. Con tal finalidade, a consellería apoia e incentiva os proxectos que xeren e fomenten a eficiencia e a modernidade do comercio galego, neste caso, por medio da iniciativa promovida polo Concello de Pontedeume para a rehabilitación e ampliación do mercado municipal.

O proxecto de orzamentos de gastos da consellería para o ano 2016, inclúe unha aplicación de asignación nominativa a favor do Concello de Pontedeume, aplicación orzamentaria 09.30.751A.761.4, proxecto de investimento 2015 00275, de acordo co previsto nos artigos 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia;

e 36.a) e 37 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da devandita lei.

SEGUNDO. A Deputación Provincial da Coruña (en adiante a deputación) é unha entidade pública local de ámbito provincial que ten como fins propios e específicos garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, entre cuxas competencias está a de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e, en xeral, o fomento e administración dos intereses peculiares da provincia.

No ámbito da administración local, o papel das deputacións provinciais revélase por completo necesario para axudar aos concellos a adaptarse a estes novos escenarios, para manter os servizos públicos municipais e posibilitar que os ámbitos locais sexan atractivos para o desenvolvemento económico e a creación de emprego. A deputación considera de grande interese para a provincia impulsar a actividade empresarial, especialmente a dedicada ao pequeno comercio ofrecendo aos clientes un amplo abano de vantaxes.

TERCEIRO. O Concello de Pontedeume (en adiante o concello) dispón do Pleno dominio da praza de abastos, que ten grande importancia para o municipio como espazo dedicado á prestación dun servizo público, co obxectivo de que o inmóbel se mantéña destinado ao uso que lle é propio, adaptándoo aos novos condicionantes do mercado, que fagan posíbel a modernización das súas instalacións, a dotación de determinados espazos dos que carece e a reorganización das súas funcións internas.

A confluencia de obxectivos das partes aconsella a coordinación das súas actuacións e a realización conxunta do proxecto básico e de execución de rehabilitación e ampliación do mercado municipal de Pontedeume, coa finalidade de acadar a mellora deste equipamento comercial co máximo rendemento dos recursos empregados, e en consecuencia, as entidades acordan formalizar este convenio de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO.

O obxecto deste convenio é a realización e financiamento da “Rehabilitación e ampliación do mercado municipal de Pontedeume”, cun orzamento máximo de un millón cincocentos noventa e catro mil novecentos quince euros (1.594.915,00.-) IVE incluído. cuxo proxecto se xunta como Anexo.

SEGUNDA.- ORZAMENTO, FINANCIAMENTO E ANUALIDADES.

A consellería, a deputación e o concello, comprométense a financiar o mencionado proxecto coa seguinte distribución porcentual:

- A consellería, con cargo á aplicación orzamentaria 09.30.751A.761.4, proxecto de investimento 2015.00275 “Equipamentos comerciais municipais. Rede galega de mercados e prazas de abastos”, modalidade de financiamento 1010 polo importe 531.638,00 euros, IVE incluído, que representa o 33,33%.

Independientemente de que o crédito consignado nesta aplicación orzamentaria para a anualidade 2016 e de asignación nominativa, a anualidade prevista para o ano 2017, de conformidade co disposto polo artigo 26.2 da Lei de subvencións de Galicia, o crédito plurianual previsto no convenio terá a consideración de subvención directa.

Con este fin, na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016, existe na aplicación 2016.09.30.751A.761.4 partida orzamentaria consignada pola contía de 158.280,00 €, para atender o financiamento da “Rehabilitación e ampliación do mercado municipal de Pontedeume”.

- A deputación con cargo á aplicación orzamentaria 0430/4314/76201 achegará un total de 502.398,23 euros, IVE incluído, que representa o 31,50%.
- O concello, con cargo á aplicación orzamentaria correspondente achegará un total de 560.878,77 euros, IVE incluído, que representa o 35,17%.

Ao aplicar a distribución porcentual recollida nos parágrafos anteriores resulta a distribución por anualidades e cantidades seguintes:

ANUALIDADE	CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA	DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	CONCELLO DE PONTEDEUME	TOTAL
2016	158.280,00.-	0,00.-	0,00.-	158.280,00.-
2017	373.358,00.-	502.398,23.-	560.878,77.-	1.436.635,00.-
TOTAL	531.638,00.-	502.398,23.-	560.878,77.-	1.594.915,00.-

Calquera contracción do gasto que se orixine como consecuencia deste convenio deberá contar coa fiscalización previa de cada unha das administracións que interveñen e queda, por tanto, sometida á existencia de crédito orzamentario nos respectivos orzamentos.

Ao tratarse dun compromiso de gasto plurianual, en virtude do establecido pola Resolución do 8 de abril de 1991 pola que se fai público o acordo do Consello das Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991 sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, é requisito previo para a subscripción deste convenio a autorización do Consello da Xunta de Galicia e, polo tanto, respectaranse as disposicións contidas no artigo 58 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Unha vez efectuada a licitación das obras, a baixa de adxudicación, no caso de producirse, será repercutida proporcionalmente nas achegas da deputación, da consellería e do concello.

TERCEIRA. GASTOS SUBVENCIONABLES.

De acordo co previsto no artigo 29.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse subvencionables os gastos e investimentos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2016 e a data límite de xustificación establecida na cláusula correspondente. Todos os investimentos deberán estar plenamente realizados, operativos e verificables na data límite de xustificación do proxecto.

- En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.
- No suposto de adquisición, construción, rehabilitación e mellora de bens inventariables cumprírase o estipulado no artigo 29, puntos 4 e 5, da citada Lei 9/2007.
- En ningún caso se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.
- Ao amparo do presente convenio consideraranse actuacións subvencionables os investimentos e gastos necesarios para a realización das accións recollidas no proxecto anexo a este convenio.
- Para os efectos do establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, permitirase a subcontratación do cen por cen das actividades subvencionadas.
- Calquera incremento que se derive da execución do contrato de obra, liquidacións ou de outro concepto deberá ser financiado integramente polo concello.

CUARTA. OBRIGAS DO CONCELLO DE PONTEDEUME.

1. O concello, para poder obter a condición de beneficiario no presente convenio deberá cumprir os seguintes requisitos:

- Acreditar a dispoñibilidade dos inmobles e vías en que está previsto realizar os investimentos.
- Presentar declaración responsable de non estar incurso nalgunha das circunstancias previstas do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Xustificar que se atopa ao día na rendición de contas xerais diante do Consello de Contas de Galicia, de acordo co previsto no artigo 4.1 do decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvenciones ás entidades locais galegas.

2. O concello quedará en todo caso suxeito ao cumprimento das obrigas impostas polo artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como ás demais que resulten concordantes á vista do réxime xurídico aplicable ás subvencións públicas; e, en especial, ás seguintes:

- Xestionar e executar os investimentos sinalados na cláusula primeira que fundamenta a concesión da subvención, e coa suxeición os procedementos de

contratación previstos no R.D.L. 3/2011 do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público.

- Xustificar no tempo e forma que correspondan, diante da consellería e a deputación, o cumprimento dos requisitos e condicións que determinan a concesión da subvención, así como a realización das actividades e o cumprimento da súa finalidade.
- Someterse ás actuacións de comprobación da consellería e da deputación, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, e achegar canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores. En particular, facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.
- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos incluídos os documentos electrónicos en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- Adoptar as medidas e disposicións necesarias para garantir unha adecuada publicidade no lugar das actuacións subvencionadas durante o prazo de execución, debendo constar que están subvencionadas pola consellería e a deputación.
- Reintegro, total ou parcial, da subvención percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.
- Dar consentimento expreso para a inclusión dos datos relevantes do convenio nos rexistros públicos de acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2006 de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2007.
- Comunicar por escrito á consellería e a deputación a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto se coñeza a dita obtención e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos en virtude do presente convenio.
- Comunicar á consellería e a deputación o xurdimento ou a modificación de calquera circunstancia que afecte a algún dos requisitos esixidos para a concesión da subvención.
- Manter a propiedade sobre os investimentos subvencionados e a vinculación destes á actividade que motivou a subvención, durante un período mínimo de cinco anos.
- Adoptar as medidas necesarias para acadar a excelencia do mercado municipal de Pontedeume, unha vez realizadas as obras de rehabilitación e ampliación recollidas no obxecto deste convenio, garantindo a actualización das ordenanzas reguladoras, a adopción de mecanismos de control de limpeza, seguridade, horarios, actividade e información ao cliente, así como a posta en marcha de accións que xeren valor engadido no mercado a través de espazos multifuncionais e actividades de dinamización deste.

QUINTA. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

1.- Respecto da xustificación e pagamento no que atinxe á consellería terase en conta as seguintes especificacións:

1.1. A data límite para xustificar o investimento será o día 30 de novembro para cadansúa anualidade 2016 e 2017, e os libramentos faranse efectivos con cargo aos créditos consignados para cada exercicio orzamentario.

Se a materialización ou o pagamento do investimento se anticipase ao calendario establecido e non fose posible o reaxuste das anualidades de subvención, o investimento ou o pagamento adiantado poderá servir de xustificación para o libramento da anualidade posterior, sempre que se obtivese a conformidade do órgano competente para a concesión da axuda. Nesta subvención plurianual, entenderase que os investimentos e pagamentos que se efectúen desde a data límite de xustificación da anualidade corrente ata o final do ano corresponden á anualidade seguinte e, polo tanto, poderanse presentar como xustificantes para o cobramento da devandita anualidade.

Para o reaxuste de anualidades observarase en todo o previsto no artigo 27 do Decreto 11/2009 polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

1.2. O concello estará obrigado a xustificar diante da consellería, con carácter previo ao pagamento da subvención, o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade ou adopción do comportamento que fundamentou a súa concesión e o seu custo real, mediante a presentación dunha conta xustificativa integrada, con carácter xeral, pola documentación que se relaciona no parágrafo seguinte, e que incorporará, en todo caso, a certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.

1.3. A conta xustificativa conterá:

a) Certificación expedida pola Secretaría do concello, co visto e prace do alcalde relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención na que se faga constar, como mínimo, de forma detallada o cumprimento da finalidade da subvención e os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación do/a acreedor/a, número de factura ou documento equivalente, certificación da obra, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente. Sen prexuízo do previsto na letra c) do artigo 10 do Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, non será esixible a remisión dos documentos relacionados no artigo 48.2 b) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

b) Certificado de taxador/a independente debidamente acreditado/a e inscrito/a no correspondente rexistro oficial, no caso de adquisición de bens inmobles.

c) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

d) O expediente de contratación tramitado polo concello respecto do investimento obxecto de subvención.

1.4. Condicións de pagamento:

- As facturas e/ou demais documentos xustificativos, incluídos os xustificantes de pago, non poden ter data posterior á establecida para a xustificación das actuacións.
- A documentación sinalada nas condicións específicas presentarase na Consellería de Economía, Emprego e Industria - Dirección Xeral de Comercio, que emitirá, certificación acreditativa de cumprimento das actuacións subvencionadas.

- As achegas da consellería minorarase porcentualmente no caso de que non xustifique o orzamento total que figura na cláusula segunda, sempre que este garantida a consecución do obxecto, ou de resultar a concorrencia con outras axudas sempre que a contía total supere o custo do investimento.
- Os pagamentos correspondentes á consellería serán realizados ao concello, unha vez presentada a correspondente xustificación, e aprobada polos órgano competente da Xunta de Galicia.
- A consellería resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto deste convenio.

1.5. Comprobación material: Segundo establece o artigo 30.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, nas subvencións de capital superiores a 60.000 euros, no seu cómputo individual, destinadas a inversións en activos tanxibles, será requisito imprescindible a comprobación material da inversión polo órgano concedente, quedando constancia no expediente mediante acta de conformidade asinada polas tres administracións intervincentes neste convenio, sen prexuízo de que a dita comprobación material se poida encomendar a outro órgano distinto do que concedeu a subvención.

1.6. Poderán aprobarse o pago anticipado ata un límite do 40% do importe concedido, logo de solicitude e xustificación da súa necesidade polo beneficiario en cada unha das anualidades,

A concesión dos anticipos quedará condicionada ao cumprimento, por parte do beneficiario, dos requisitos establecidos no artigo 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Os beneficiarios quedarán exentos da prestación de garantías en relación cos pagos anticipados previstos neste convenio, conforme ao disposto no artigo 65.4,c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2.- Respecto da xustificación e pagamento no que atinxe á deputación realizarase na anualidade 2017 sempre que exista crédito adecuado e suficiente no orzamento provincial do dito exercicio, do seguinte modo:

2.1. Coa posibilidade prevista na base 57^a das de execución do orzamento ata o 40 % da achega da deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pagamento a favor da entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e, no seu caso, polo funcionariado técnico designado pola Deputación.

- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula VIII.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula V, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2.2. Finalizada completamente a obra, procederáse ao aboamento do 60 % restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de recepción da obra deberá acudir persoal técnico designado pola Deputación.
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula VIII.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula V (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da entidade beneficiaria, en cuxos correspondentes asentos se faga constar que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- Acreditación do pagamento efectivo a terceiros do importe aboado co primeiro pagamento prepagable.

SEXTA. RESPONSABILIDADE NA CONTRATACIÓN DAS ACTUACIÓNS.

1. O concello poderá subcontratar parcial ou totalmente as actuacións recollidas neste convenio e no seu anexo, agás que o impida a súa natureza. En ningún caso poderán subcontratarse actividades que, aumentando o custe da obra, non acheguen valor engadido ao seu contido.

2. O concello poderá concertar con terceiros a execución parcial ou total das actuacións recollidas neste convenio e no seu anexo. Os contratistas quedarán obrigados soamente ante o beneficiario, que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración.

3. A contratación das obras ou equipamentos será realizada polo concello conforme á normativa vixente en materia de contratación do sector público, sendo as entidades locais contratantes as responsables directas das consecuencias que dos incumprimentos se puidesen derivar.

4. Tendo en conta que as actuacións obxecto do convenio poden implicar que o concello leve a cabo diversas contratacións externas, admitirase unha contratación separada sempre que os obxectos dos contratos admitan fraccionamento ao ser

susceptibles de utilización ou aproveitamento separado e constitúan unhas unidades funcionais independentes, ou así o esixa a natureza do obxecto.

SÉTIMA. COMPATIBILIDADE DAS AXUDAS.

A axuda concedida será compatible con outras axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais para a mesma finalidade, sempre que o importe total das subvencións concedidas non supere o custo elixible. Neste caso minorarase a subvención tanto da consellería como da deputación.

OITAVA. PUBLICIDADE

O concello presta o seu consentimento á consellería e á deputación para que, de acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44, 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da comunidade autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as axudas concedidas nos rexistros públicos referidos con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente.

De acordo co artigo 20.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións a cesión de datos de carácter persoal que deba efectuarse á Intervención Xeral da Administración do Estado non requirirá o consentimento do afectado. Neste ámbito non será de aplicación o disposto no apartado 1 do artigo 21 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

NOVENA. MODIFICACIÓN DO PROXECTO.

1. O concello poderá solicitar a modificación das características do proxecto subvencionado, e no seu caso, coa correspondente modificación do contrato de obras nos termos establecidos polo R.D.L. 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, con un mes de antelación a data de finalización de cada anualidade de conformidade co artigo 7 do Decreto 193/2011 do 6 de outubro polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

En ningún caso a modificación poderá supoñer un incremento do importe global establecido neste convenio e deberá ser proposta pola comisión de seguimento e autorizada pola Dirección Xeral de Comercio da consellería e pola deputación.

2. A modificación poderase autorizar sempre que non dane dereitos de terceiros, respectando o obxecto da subvención, as actividades subvencionadas e evitando actuacións deficientes e incompletas e se realice no prazo fixado neste convenio.

3. Para a modificación non poderán ser tidos en conta requisitos ou circunstancias que, debendo concorrer no momento en que se asinou o convenio, tiveron lugar con posterioridade a súa sinatura.

DÉCIMA. VIXENCIA.

O convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o día 30 de decembro de 2017, sen que se prevea a posibilidade da súa prórroga.

DÉCIMA PRIMEIRA. COMISIÓN DE SEGUIMENTO

Constituirase unha comisión de seguimento, que adoptará os seus acordos por consenso e que estará integrada por dous representantes do concello, por dous representantes da deputación e por dous representantes da consellería. Constituirase a petición de calquera das partes.

Son funcións desta comisión, velar polo cumprimento do convenio e propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.

En todo o non especificamente previsto sobre o funcionamento desta comisión, serán de aplicación as normas sobre órganos colexiados previstas no capítulo II do título II, da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e na sección III, capítulo I, título I da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

A propia comisión, unha vez constituída, decidirá o réxime das súas reunións.

DÉCIMA SEGUNDA. MODIFICACIÓN E RESOLUCIÓN DO CONVENIO

Toda alteración das condicións a ter en conta para a concesión da axuda, poderá dar lugar a modificación do convenio nos termos previstos no artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As devanditas modificacións deberán formalizarse a través da correspondente addenda e someterse aos requisitos previstos no artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e do artigo 7 do Decreto 193/2011 do 6 de outubro polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

En todo caso, a obtención concorrente doutras axudas públicas para a mesma finalidade, poderá dar lugar á minoración da subvención establecida na cláusula segunda deste convenio.

Serán causas de resolución do presente convenio, as seguintes:

- O acordo expreso e escrito das partes.
- O incumprimento por algunha das partes de calquera das prescricións contidas neste convenio, o que se comunicará, por quen a invoque, de xeito fidedigno, previa audiencia destas.
- A denuncia escrita formulada por calquera das partes.

DÉCIMA TERCEIRA. INCUMPRIMENTO TOTAL E PARCIAL DO CONVENIO

Producirase a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación do cumprimento do convenio, das obrigas contidas nestas cláusulas, das obrigas contidas no artigo 33 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a subvención percibida, así como os xuros de mora correspondentes.

O procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito de cobramento da subvención e para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Incumprimento parcial: sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais reflectidos no convenio, a Dirección Xeral de Comercio da consellería e a deputación poderán apreciar un incumprimento parcial, e deberán resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivese a condición incumplida no convenio e, se e o caso, establecendo a obriga de reintegro.

Cando se trate de condicións referentes a contía ou conceptos do investimento subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas na dita proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento superase o 65% do investimento subvencionable, entenderase que o dito incumprimento é total, e deberán reintegrarse todas as cantidades percibidas e os seus xuros de mora.

A entidade beneficiaria da subvención regulada neste convenio seralle de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Título VI do seu regulamento.

DÉCIMA CUARTA. RELACIÓNS CON TERCEIROS.

A subscrición do presente convenio non comporta relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades referidas e a Xunta de Galicia e a deputación, de tal xeito que estas quedarán exentas de calquera responsabilidade - nin directa, indirecta ou subsidiaria- polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento destas.

DÉCIMA QUINTA. INFORMACIÓN.

Para efectos informativos e de coñecemento público, durante o tempo de duración das obras, instalarase en lugar ben visíbel desde a vía pública, un cartel publicitario das dimensións suficientes, no que constarán as características da obra e o grao de participación nesta, das administracións asinantes deste convenio e os seus respectivos logotipos.

De igual xeito, as partes comprométense a reflectir en calquera difusión pública que se realice das obras a participación das administracións públicas ou órganos administrativos que interviñeron nela, incluso no caso de que a dita difusión se leve a

efecto con posterioridade á finalización dos traballos, debendo remitirse copias ao outro asinante.

A colaboración financeira das administracións asinantes deste convenio deberá quedar expresamente descrita nun lugar visíbel, de forma permanente, do acceso á actuación no momento da inauguración e/ou recepción.

DÉCIMO SEXTA. NATUREZA E INTERPRETACIÓN

Este convenio ten natureza administrativa e considérase incluído no artigo 4 do R.D.L. 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, polo que queda fóra do seu ámbito de aplicación, se ben se aplicarán os principios e criterios do dito texto legal para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse. Rexerase polas súas propias cláusulas e ademais pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como polo texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

Así mesmo, seranlle de aplicación as demais normas de dereito administrativo aplicable, ou no seu defecto, as derivadas do dereito privado. En consecuencia, correspóndelle á consellería as prerrogativas de interpretación, modificación, resolución, reintegro e nulidade deste convenio, e resolver as dúbidas que xurdan sobre o seu cumprimento. Os acordos correspondentes porán fin á vía administrativa e serán inmediatamente executados, sendo impugnables ante a xurisdición contencioso-administrativa.

DÉCIMA SÉTIMA. REMISIÓN NORMATIVA

Para todo o non previsto neste convenio estarase ao previsto no:

- Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, publicado por resolución da Consellería de Economía e Facenda, do 8 de abril de 1991 (DOG núm. 82, do 30 de abril).
- Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na administración pública galega (DOG núm. 136, do 14 de xullo).
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia (DOG núm. 149, do 3 de agosto).
- Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

Así mesmo, rexeráse pola Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, polos principios da Lei de contratos do sector Público e polas demais normas de dereito administrativo e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

Este convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose as tres partes ao acordado en todas as estipulacións. E, como proba de conformidade, subscríbese, por triplicado exemplar, no lugar e data arriba indicados.

POLA CONSELLERÍA DE
ECONOMÍA, EMPREGO E
INDUSTRIA.

POLA DEPUTACIÓN
DA CORUÑA

POLO CONCELLO DE
PONTEDEUME

O conselleiro

O deputado

O alcalde

30.-APROBACIÓN DA INFORMACIÓN SOBRE O PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES A QUE SE REFIRE O REAL DECRETO 635/2014, DO 25 DE XULLO, CORRESPONDENTE AO MES DE MAIO DE 2016 E RELACIÓN DETALLADA DE TODAS AS FACTURAS PAGADAS POLA DEPUTACIÓN E DO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA ENTRE O 1 E O 31 DE MAIO DE 2016.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Tomar coñecemento dos resultados do período medio de pagamento a provedores calculado cos criterios do Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, na Deputación provincial e no Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento para o mes de maio de 2016.

2.- Tomar coñecemento da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación entre o 1 e o 31 de maio de 2016.

3.- Unha vez remitida a información ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, acórdase a súa publicación na páxina web da Deputación Provincial da Coruña.”

31.-APROBACIÓN DO INFORME SOBRE O ESTADO DE EXECUCIÓN ORZAMENTARIA A 31.05.2016 E PROXECCIÓN A 31.12.2016.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Tomar coñecemento da información sobre a xestión orzamentaria o 31 de maio de 2016, que formula a Sección I do Servizo de Orzamentos, Estudos e Asistencia Económica, adscrito á Intervención Provincial.

2.- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e de adoptar as actuacións que procedan para o seu cumprimento durante o exercicio.

3.- Considerar que non é necesario nin procedente no momento presente formular un Plan económico-financieiro sobre os ingresos e gastos definitivos previstos para o exercicio 2016 xa que as previsións actuais permiten estimar o cumprimento das normas de aplicación, salvo circunstancias sobrevidas e imprevisibles que excedesen do Fondo de Continxencia dotado para o exercicio.

4.- Informar periodicamente o Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando cumpra, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente.”

32.-TOMA DE COÑECEMENTO DA FISCALIZACIÓN A POSTERIORI DOS RECURSOS PROPIOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL E DOS OUTROS ENTES PÚBLICOS CORRESPONDENTES AO EXERCICIO 2014.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Tomar coñecemento do informe da Intervención Provincial sobre a fiscalización a posteriori dos recursos propios da Deputación provincial e a de recursos doutros entes públicos correspondentes ao exercicio 2014, en aplicación do disposto nos artigos 214, 219 e 222 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, do apartado 34.2 das Bases de execución do orzamento para o exercicio 2014 e da Resolución da Presidencia núm. 25.088, do 27 de decembro de 2013 (con data de entrada en vigor o 1 de xaneiro de 2014), pola que se establece a substitución da fiscalización previa dos dereitos pola toma de razón en contabilidade e actuacións comprobatorias posteriores.

Quedar sabedores do devandito informe resumo, que conclúe que os actos de xestión e inspección tributaria revisados, así como os de recadación, non presentan ningunha eiva e axústanse ao ordenamento xurídico e tributario de aplicación.”

33.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACIÓN PARA O FOMENTO DO COÑECEMENTO DA CONSTRUCCIÓN NAVAL E ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV) PARA FINANCIAR A REPARACIÓN DE CUBERTAS E LUCERNARIOS DO EDIFICIO DE HERRERÍAS.

Sr. secretario

A este punto hai unha emenda de modificación do punto 6º do ditame.

Sr. García García

Bos días a todas e a todos. Como eu creo que todo o mundo sabe aquí, que do que se trata é simplemente de manter a subvención que se aprobou o outro día na Comisión para EXPONAV por unha cantidade de 200.000 euros, pero puxéraselle unha serie de condicións, é moi urxente a reparación porque parece ser que chove dentro, concretamente polo lucernario, e polo tanto terían que comezar as obras agora, e sen embargo nós aprobamos no punto sexto consta: “Condicionar a eficacia do convenio ao compromiso de destinar o ben a que vai referida a obra por un prazo de polo menos dez anos, co obxecto de que se conceda a subvención. Para este efecto a Fundación Exponav deberá ter en conta que na actualidade a dispoñibilidade acreditada sobre o ben acada un período que finaliza o ano 2020, polo tanto deberá incrementarse o dito prazo ata acadar o mínimo de dez anos”, e o que se propón na emenda é cambiar este texto polo seguinte:

“O convenio queda sometido á condición resolutiva de maneira que se no momento de presentar a xustificación da obra non se tivese acreditado o destino do ben, por un prazo de polo menos dez anos, á finalidade desta subvención (sede da Fundación Exponav), produciríase a súa resolución inmediata, sen que a Deputación tivese que realizar ningún pago para o financiamento da obra”, é dicir, que consigan a autorización dentro do propio Ministerio de Defensa polos anos que lles faltan para que poidan empezar a obra xa nese momento.

Procédese a votar a emenda:

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados (13 do PP, 8 do PSOE, 5 do BNG, 2 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 1 deputado (Compostela Aberta)

A continuación vótase o ditame coa emenda incorporada:

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados (13 do PP, 8 do PSOE, 5 do BNG, 2 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 1 deputado (Compostela Aberta)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, PSOE, BNG, Marea Atlántica e Alternativa dos Veciños e a abstención de Compostela Aberta, acorda:

“1º.- Excepcionar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de

causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solucionada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 22 de xuño de 2016.

2º.- Apréciense no presente expediente razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva.

3º Aprobar o texto do convenio de colaboración que se ha subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), CIF G15944564, para financiar o proxecto “Reparación de cubertas e lucernarios Edificio de Herrerías”.

4º Condicionar a eficacia do presente acordo e do convenio á definitiva entrada en vigor do expediente de modificación de créditos 2/2016 da Corporación no que queda habilitado crédito adecuado e suficiente con que facer fronte á achega provincial prevista no convenio. Condicionar a eficacia do convenio a que no orzamento da Deputación para o 2017 quede habilitado crédito adecuado e suficiente con que facer fronte á achega provincial na dita anualidade.

5º Condicionar a sinatura e eficacia do convenio á previa obtención por parte da Fundación EXPONAV da autorización do Ministerio de Defensa para a realización das obras así como á obtención da preceptiva licenza municipal e autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia por encontrarse o edificio no contorno do Camiño Inglés a Santiago de Compostela.

6º O convenio queda sometido a condición resolutive de maneira que se no momento de presentar a xustificación da obra non se tivese acreditado o destino do ben, por un prazo de polo menos dez anos, á finalidade desta subvención (sede da fundación EXPONAV) produciríase a resolución inmediata do mesmo, sen que a Deputación tivese que realizar ningún pago para o financiamento da obra.

7º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 200.000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 48,119 %.

8º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/3331/781.

9º Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio.

10º O texto do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV)
A Coruña

REUNIDOS

Dunha parte o Señor D. Valentín González Formoso, como presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte D. Francisco Javier Romero Caramelo, con DNI núm. 32619591W, en representación da FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV)

Que a Deputación Provincial da Coruña e a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV)

1. Consideran de grande interese a reparación do edificio “Herrerías” sede da Fundación EXPONAV que acolle o Museo da Construcción Naval que é o único museo de Galicia dedicado á Historia da Contracción Naval. Neste edificio tamén teñen lugar exposicións artísticas, concertos etc. o que contribúe a promocionar a cidade pola aceptación que teñen todas estas actividades.
2. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), CIF G15944564, para o financiamento da “*Reparación de cubertas e lucernarios Edificio de Herrerías.*”, tal como aparece definida esta no proxecto, redactado polo arquitecto D. José M. Varela Iglesias.

2. FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptiva e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3. A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase

susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV), comprométese a destinala a uso público para o que está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Presuposto de execución material.....	288.655,46
Gastos xerais (13%).....	37.525,21
Beneficio industrial (6%).....	17.319,33
Imposto sobre o valor engadido (21%)	72.135,00
Presuposto de execución por contrata	415.635,00

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 200.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 48,119 % A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento de contrata, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 48,119 % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licencias, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/3331/781, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV) obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe,

xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na condición de promotor, corresponderalle á FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV) o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. A contratación cos terceiros para a execución total ou parcial das obras realizarase garantindo, en todo caso, os principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación.

No procedemento de contratación deberá participar un funcionario provincial, designado polo presidente da Corporación, que formará parte da Comisión técnica que avalíe as ofertas dos licitadores.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV) estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV) a medida que se vaian expedindo as correspondentes certificacións de obra, aplicándose sobre o seu importe o coeficiente de financiamento provincial. Para tal efecto, a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV) deberá achegar a seguinte documentación (documentos orixinais ou, no seu caso, debidamente compulsados):

- Copia do contrato e do expediente de contratación
- Certificación de obra subscrita polo técnico-director e polo contratista.
- Factura expedida polo contratista. No caso de que se presente unha fotocopia compulsada, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña
- Certificación de aprobación desta polo órgano competente.

- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.

Asemade, coa derradeira certificación de obra, deberase achegar acta de recepción e acreditación, no seu caso, do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso) e da inscrición de nota marxinal no Rexistro da propiedade na que se deixe constancia do financiamento provincial e da afectación do inmovible á finalidade para a que foi concedida a subvención polo menos por un prazo de DEZ anos.

A FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV) deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

Non será posible expedir un pago anticipado se a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV) ten pendente de xustificación unha cantidade anticipada con anterioridade para a mesma finalidade ou para outras finalidades e, tendo finalizado o prazo previsto, non se teña presentado a xustificación correspondente.

Para a recepción dos fondos anticipados, a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV) deberá ter unha conta bancaria co título “Fondos para atender á actividade...”. Con cargo á dita conta bancaria deberán efectuarse todos os cobros e pagamentos que correspondan á actividade ou investimento subvencionado. Un extracto dos movementos da conta deberá remitirse á Deputación provincial xunto coa xustificación documental da aplicación dos fondos provinciais á finalidade prevista.

VII. TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as obras, a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV) deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, UN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV) para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste

prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV) da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV) na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV) terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV) deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV) destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV) deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que

se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV) poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración e a lexislación citada anteriormente.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV) queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Base 55^a das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da

xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV) serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.
3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV) será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xaneiro de 2016 ata o 31 de maio de 2017, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **30 de xullo do ano 2017**, sempre e cando exista crédito para tal fin.
2. Para o caso de que a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV) non poida ter rematadas as OBRAS e presentada a xustificación **antes do día 30 de xuño de de 2017**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS (EXPONAV) perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.
3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se

poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que puideran xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por

E, en proba de conformidade, asinan en exemplar cuaduplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN

O representante da FUNDACIÓN
PARA EL FOMENTO DEL
CONOCIMIENTO DE LA
CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE
LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS
(EXPONAV)

DON VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO”

ACTUACIÓN DE CONTROL
MOCIÓNS

**I.MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA
PROMOVER A ADHESIÓN DA DEPUTACIÓN E DOS CONCELLOS DA
PROVINCIA Á REDE INTERNACIONAL DE CIDADES DA INFANCIA**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde que no ano de 1991 Francesco Tonucci publicara en castelán –e posteriormente, fora traducida ao galego- a súa obra *A cidade dos nenos*, foron moitos profesores e profesoras, pero tamén arquitectos e arquitectas, urbanistas, alcaldes e alcaldesas, concelleiros e concelleiras, quen atoparon nel non só unha referencia modélica, senón unha permanente fonte de inspiración para ver as cidades

doutra maneira, para as construír e planificar pensando nas nenas e nos nenos porque, dese xeito, as faremos moito máis humanas e amigables.

Na actualidade, a experiencia, impulsada por Tonucci, que partiu da cidade italiana de Fano, deu lugar á creación dunha Rede internacional de Cidades da Infancia en Italia, en Europa, en América Latina, e en todo o mundo. No conxunto do Estado español son preto de 70 as cidades e concellos que forman parte desta Rede. Recentemente, a Deputación de Pontevedra e 14 municipios da provincia adheríronse a ela, seguindo o exitoso precedente da capital provincial.

As entidades e corporacións adheridas non só se comprometen a impulsar as relacións e o intercambio de experiencias entra as cidades na Rede, a promover políticas públicas de actuacións nos espazos urbanos en beneficio das persoas e do seu papel protagonista nas cidades en relación cos coches, as peonalizacións e as limitacións urbanísticas e de tráfico, para facelas máis humanas, senón tamén a crear o Consello Municipal da Infancia, para que os cativos e cativas tamén teñan voz sobre a cidade que desexan ou poñer en marcha os Camiños Escolares Seguros para que retomen as rúas e prazas e poidan ir sos ás escolas.

Por estes motivos, o Grupo Provincial de Compostela Aberta propón a adopción do seguinte acordo:

A Deputación Provincial da Coruña acorda iniciar o expediente para solicitar, oficialmente, a súa adhesión á Rede Internacional de Cidades da Infancia impulsada por Francesco Tonucci.

Sr. Dios Diz

Moitas grazas, Sr. presidente, bo día. Desde que no ano 1991 o profesor Francesco Tonucci publicara en castelán, e posteriormente fora traducida ao galego a súa obra A Cidade dos nenos, foron moitos profesores e profesoras, pero tamén arquitectos, arquitectas, urbanistas, alcaldes, alcaldesas, concelleiros e concelleiras, os que atoparon nel non só unha referencia modélica, senón unha permanente fonte de inspiración para ver as cidades doutra maneira, para as construír e planificar pensando nas nenas e nos nenos, e porque deste xeito as fariamos moito máis humanas e amigables. Na actualidade a experiencia impulsada polo profesor Tonucci, que partiu da cidade italiana de Fano, deu lugar á creación dunha rede internacional de cidades da infancia en Italia, en Europa, en América Latina e en todo o mundo. No conxunto do estado español son preto de 70 as cidades e concellos que forman parte desta rede e recentemente a Deputación Provincial de Pontevedra e 14 municipios desa provincia adheríronse a ela, seguindo o éxito precedente da capital provincial.

As entidades e corporación adheridas non só se comprometen a impulsar as relacións e o intercambio de experiencias entre as cidades da Rede, a promover políticas públicas de actuacións nos espazos urbanos en beneficio das persoas, e do seu papel protagonista nas cidades en relación cos coches, as peonalizacións e as limitacións urbanísticas e de tráfico, para facelas moito máis humanas, senón tamén a

crear o Consello Municipal da Infancia, para que os cativos e as cativas tamén teñan voz sobre a cidade que desexan ou poñer en marcha, por exemplo, os camiños escolares seguros para que retomen as rúas e as prazas e poidan ir sós ás escolas.

De acordo coas indicacións dos servizos xurídicos da Deputación provincial respecto á necesidade dun estudo dos Estatutos da Rede Internacional de Cidades da Infancia, previo á adhesión, cambiamos o texto resolutivo da parte prepositiva, pola seguinte: “Por estes motivos o Grupo Provincial de Compostela Aberta propón a adopción do seguinte acordo: A Deputación Provincial da Coruña acorda iniciar o expediente para solicitar oficialmente a súa adhesión á Rede Internacional de Cidades da Infancia, impulsada polo profesor Franceso Tonucci”. Entendemos que o Goberno provincial promoverá nesta tramitación, e cando regrese a Pleno, todos os apartados resolutivos que figuraban na proposta orixinal agás o apartado número catro que facía referencia á liña de axudas en concorrencia competitiva.

Confío en que apoien esta moción.

Sr. presidente

Hai unha emenda do Partido Popular, que entendo que quedará supeditada á mesma proposta que fai Compostela Aberta respecto do inicio de trámites.

Sr. Hernández Fernández de Rojas

A nosa emenda loxicamente quedaría transformada de acordo co que subliñou o compañeiro Dios, no sentido de acordar iniciar o expediente para solicitar a adhesión, pero nós, loxicamente o que defendemos é que esa solicitude sexa para adherirnos ao programa de cidades amigas da infancia que promove internacionalmente Unicef, e que conta en España, entre outros, coa participación do Ministerio de Sanidade, Políticas Sociais e Igualdade, a Federación Española de Municipios e Provincias, na procura de trasladar os dereitos contidos na Convención sobre os dereitos do neno ao ámbito local. Nós, co máximo respecto ao Sr. Tonucci, creo que é, cremos que se existe unha rede auspiciada no marco das Nacións Unidas, creo que é o que unha Administración debe de tentar, unirse a esa figura e non a outra, e que ademais nós consideramos que a meirande parte, por non dicir todas as iniciativas xurdidas do traballo, que non cuestiono, do Sr. Tonucci, están incluídas no programa de cidades amigas da infancia, promovido, insisto, por Unicef, no que están adheridos 115 concellos españois, entre eles Madrid, desde 2008 e Barcelona, precisamente incorporado no 2016. Entendemos que a nosa proposta incorpora os fundamentos que anima a iniciativa de Compostela Aberta, pero concretando na participación nunha rede auspiciada polo Fondo das Nacións Unidas para a Infancia. Polo tanto, loxicamente nós imos votar en contra da proposta de Compostela Aberta, a non ser que o compañeiro de Compostela Aberta acepte a nosa emenda.

Sr. Dios Diz

Ben, eu a isto, Sr. Hernández, o que tería que dicirlle é que si eu quixera presentar unha moción en relación coa proposta ou co Programa de Unicef en relación coa infancia, faríao, eu o que animo a vostede e ao seu Grupo é a que

presenten unha moción deste tipo e ademais anúnciolle que eu votaría a favor desa iniciativa relacionada con Unicef, pero paréceme que non é incompatible unha proposta coa outra, polo tanto non pode aceptala como emenda. Anímoo e anúnciolle que eu votaría a favor: Simplemente un dato porque paréceme que é evidente en relación coa súa exposición de motivos, é certo que entre os máis dun centenar de concellos que figuran nesa iniciativa non figura ningún galego, en cambio na proposta de adhesión á Rede internacional que impulsa o profesor Francesco Tonucci si que hai concellos galegos xa incorporados desde hai moito tempo, por citar algúns, Narón, Oleiros, Pontevedra, Gondomar, O Grove, Caldas, Cangas, Tomiño, Soutomaior, Pontecaldelas, entre outros. Polo tanto, eu creo que esa é a iniciativa que temos que apoiar e, por último, gustaríame dicirlle que non está en contradición porque na creación dos Consellos Municipios da Infancia, que xa funcionan en moitos destes concellos que acabo de citar, e en Santiago funcionarán a partir do 23 de setembro, figura na composición do organismo a propia Unicef, polo tanto, hai unha clara vinculación entre a Rede internacional de Francesco Tonucci, do profesor Tonucci, e a Rede de Nacións Unidas dedicada á protección da infancia.

Sr. presidente

O que digo é que como se acorda iniciar os expedientes para comprobar se efectivamente a Deputación, que non é unha cidade, senón que é outro organismo, un ente supramunicipal, pode en función dos estatutos de ambas organizacións subscribir algún compromiso nese sentido, e dado que este emenda en forma de moción que presentaría o Partido Popular, ten todos os visos de superar un Pleno, eu o que conmino é, imos ver se pode saír adiante a que propón Compostela Aberta desde o punto de vista administrativo, se sae para adiante conmino ao Partido Popular que a presente como moción, que ten todos os visos de pasar, para non rexeitar esta emenda, cando a moción sería votada probablemente a favor. Non sei se me expliquei.

Imos ver, se a moción que presenta agora Compostela Aberta ten unha emenda do Partido Popular, que ao final tanto unha como outra, como emenda, non sería aprobada, como moción seguramente si, pero en calquera caso, calquera das dúas mocions ten que pasar o filtro dos informes administrativos da casa, eu o que digo é se pode ser presentada como moción unha vez que saibamos que administrativamente ten visos de pasar a primeira que hoxe se presenta aquí, que vai ser aprobada, creo que sería máis práctico.

Sr. Hernández Fernández de Rojas

Non vai cambiar o noso sentido de voto. É que igual non me expliquei claramente, nós cremos que as iniciativas e os planeamentos das cidades dos nenos do Sr. Tonucci están claramente, substancialmente, practicamente de xeito idéntico recollidos nunha rede auspiciada polas Nacións Unidas, e polo tanto, sinceramente, cremos que non é lóxico que unha institución como a Deputación da Coruña se adhira a un club, con todos os respectos para o Sr. Tonucci, que pode ter moitísimas referencias en materia de pedagogía e educación infantil, a un club dunha persoa que está xerando unha rede paralela a unha rede na que están cidades como A Coruña ou Barcelona, sinceramente, nós cremos que o lóxico é estar nunha rede auspiciada

polo Fondo das Nacións Unidas para a Infancia, polo tanto non imos apoiar a proposta do Sr. Dios.

Sr. presidente

Non me refiro tanto a que a apoien ou non, que loxicamente está dentro das liberdades do seu voto de Grupo, refírome para non ter que votar en contra desta emenda, se se presentara como moción, unha vez que saibamos, se hai intención, se non se presenta, vótase e xa está, non nos imos complicar.

Sr. García Seoane

Eu estaba escoitando, nós xa hai doce anos polo menos que Tonucci pasou por Oleiros, que Oleiros foi a un Congreso a Roma, onde desde toda Europa íase falar deste tema, eu creo que non fai falla ir nin a Barcelona, nin a Madrid, nin a outro sitio, en Oleiros hai un exemplo de Tonucci moi claro na política que seguimos nós, pensando nos nenos, e ademais está baseada e incluso hai unha urbanización, o que pasa é que para iso hai que facer urbanismo e non hai urbanismo en Galicia, hai que facer plans. Nós temos en Oleiros un Plan xeral que está nas directrices estas que estamos a falar e se está facendo agora unha urbanización, que é a de As Cadenas, que vai cos criterios deste tipo que estamos falando aquí, estamos coas rutas escolares, en Oleiros levamos facendo sendas desde saecula saeculorum, amén, os católicos, e polo tanto esta política está aí. Agora se trae á Deputación?, ben, paréceme ben, eu vouna votar, está claro que se asumín os criterios de Tonucci, que a vou votar, pero quero dicir que xa hai exemplos aquí para copialos sen desprazarse por aí adiante, máis nada.

Sr. Dios Diz

Moi brevemente porque eu lamento que o Sr. Hernández se refira á Rede Internacional de Francesco Tonucci como un club privado, paréceme que é moi lamentable considerar este Rede Internacional na que hai deputacións provinciais, non seríamos nós a primeira, e segundo, a Rede Internacional de Cidades da Infancia nace moito antes que a Rede de Unicef, que nace en 2001, polo tanto, se é unha organización paralela a outra, en todo caso sería esta segunda a que vostede propón, pero eu lamento profundamente que interprete que a Rede Internacional de Cidades da Infancia, que ten moitísimo prestixio internacional, que a considere un club privado.

Sr. Requeira Varela

Nós estamos completamente de acordo coa exposición de motivos que fixo, tanto na exposición inicial como nas réplicas o portavoz de Compostela Aberta, cremos que falar de Francesco Tonucci é falar dunha das autoridades a nivel ético, e seguramente a máxima autoridade en urbanismo e en modelos urbanos relacionados directamente coa infancia, con todos os respectos a outras entidades auspiciadas por Unicef ou pola Onu, eu creo que a cidade dos nenos é unha obra que manexa calquera urbanista na actualidade, e concellos como o meu tamén están moi implicados nese proxecto internacional. Eu xa manifesto a intención do BNG de votar a favor da moción de Compostela Aberta, ademais agradezo que se fale de modelos propios e modelos galegos, que son un modelo, ou o modelo máis prestixioso de

mobilitade a nivel internacional, non é nin Madrid, nin Barcelona, é Pontevedra, é de algo do que nos deberíamos sentir todos e todas orgullosos. Máis nada.

Procédese a votar a emenda:

VOTACIÓN

Votan a favor: 13 deputados (PP)

Votan en contra: 17 deputados (8 do PSOE, 5 do BNG, 2 de Marea Atlántica, 1 de Compostela Aberta e 1 de Alternativa dos Veciños).

Abstéñense: ningún deputado

Procédese a votar a moción de Compostela Aberta.

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados (8 do PSOE, 5 do BNG, 2 de Marea Atlántica, 1 de Compostela Aberta e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: 13 deputados (PP)

Abstéñense: ningún deputado

O Pleno, cos votos a favor do PSOE, BNG, Marea Atlántica, Compostela Aberta e Alternativa dos Veciños, aproba a seguinte moción:

MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA PROMOVER A ADHESIÓN DA DEPUTACIÓN E DOS CONCELLOS DA PROVINCIA Á REDE INTERNACIONAL DE CIDADES DA INFANCIA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde que no ano de 1991 Francesco Tonucci publicara en castelán –e posteriormente, fora traducida ao galego- a súa obra *A cidade dos nenos*, foron moitos profesores e profesoras, pero tamén arquitectos e arquitectas, urbanistas, alcaldes e alcaldesas, concelleiros e concelleiras, quen atoparon nel non só unha referencia modélica, senón unha permanente fonte de inspiración para ver as cidades doutra maneira, para as construír e planificar pensando nas nenas e nos nenos porque, dese xeito, as faremos moito máis humanas e amigables.

Na actualidade, a experiencia, impulsada por Tonucci, que partiu da cidade italiana de Fano, deu lugar á creación dunha Rede internacional de Cidades da Infancia en Italia, en Europa, en América Latina, e en todo o mundo. No conxunto do Estado español son preto de 70 as cidades e concellos que forman parte desta Rede. Recentemente, a Deputación de Pontevedra e 14 municipios da provincia adheríronse a ela, seguindo o exitoso precedente da capital provincial.

As entidades e corporacións adheridas non só se comprometen a impulsar as relacións e o intercambio de experiencias entra as cidades na Rede, a promover

políticas públicas de actuacións nos espazos urbanos en beneficio das persoas e do seu papel protagonista nas cidades en relación cos coches, as peonalizacións e as limitacións urbanísticas e de tráfico, para facelas máis humanas, senón tamén a crear o Consello Municipal da Infancia, para que os cativos e cativas tamén teñan voz sobre a cidade que desexan ou poñer en marcha os Camiños Escolares Seguros para que retomen as rúas e prazas e poidan ir sos ás escolas.

Por estes motivos, o Grupo Provincial de Compostela Aberta propón a adopción do seguinte acordo:

A Deputación Provincial da Coruña acorda iniciar o expediente para solicitar, oficialmente, a súa adhesión á Rede Internacional de Cidades da Infancia impulsada por Francesco Tonucci.

II.MOCIÓN DOS GRUPOS PROVINCIAIS DO PSd-G-PSOE, BNG-ASEMBLEAS ABERTAS, ALTERNATIVA DOS VECIÑOS, MAREA ATLÁNTICA E COMPOSTELA ABERTA RELATIVA Á ELIMINACIÓN DA PEAXE AG-55

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Cómpre facer historia coa AG-55 porque non debemos esquecer de onde vimos. Nos anos 90 decidiuse a construción dunha autovía que uniría A Coruña con Carballo por dous motivos principais: primeiro, contribuír para un maior desenvolvemento económico, social e industrial e, segundo, mellorar a seguranza do tránsito rodado, desconxestionando deste modo as dúas vías existentes, a AC-415 e a AC-552. Mais o que inicialmente era unha autovía reconverteuse nunha autoestrada con peaxe por decisión do goberno galego no ano 1994.

Houbo unha importante mobilización social con multitude de actos reivindicativos: caravanas de automóviles, concentracións, iniciativas parlamentares, manifestacións, recollida de sinaturas etc...

O día 20 de xaneiro de 1995 consúmase o espolio e a Xunta de Galicia entrega á empresa ENASA a xestión da autoestrada AG-55, vinculando tamén a de Puxeiros-Baiona. A autovía que nacera como alternativa ás dúas conxestionadísimas estradas comarcais, ao se converter nunha autoestrada de pago, non vai cumprir nestes anos ningún dos obxectivos con que nacera e provocará que tanto a AC-415 como a AC-552 absorban a maioría do tránsito, composto por unha parte moi importante de circulación pesada e con mercadorías perigosas, provocando problemas de seguranza e de mobilidade na poboación.

Coa decisión de construír un Porto Exterior en Arteixo e coa posta en marcha de varios polígonos industriais nas comarcas que atravesa o vial, os problemas incrementáanse. Mais, a pesar das continuas solicitudes de rescate da concesión, auméntase a AUDASA a concesión até o ano 2045 nas vésperas das eleccións autonómicas de 2005.

A creación do Porto Exterior trouxo consigo a construción dun vial de acceso, coñecido como AC-15, que enlaza coa AG-55 na peaxe de Pastoriza. Porén, o

proxeito contemplaba que o tránsito portuario non estaría suxeito a peaxe. Para pór en funcionamento ese vial, que se inaugurou cunha demora evidente, o martes 7 de xuño o Ministerio de Fomento e a Xunta de Galicia asinan un convenio en que non hai eliminación da peaxe para o conxunto de usuarios e usuarias da AG-55, mais faise unha excepción co tránsito portuario e o Ministerio pagará a AUDASA polos meses que restan de 2016 30.000 euros modificables en función do número de movementos. Todo isto até que o Ministerio de Fomento constrúa un novo vial que conecte o acceso portuario coa rede de estradas do Estado (obra taxada en 29 millóns de euros).

Fomento e a Xunta néganse conscientemente a escoitaren as reiteradas solicitudes da corporación de Arteixo e das veciñas e veciños, que piden que non se faga a nova obra e que se estude o rescate da concesión, xa non só por unha cuestión de equilibrio territorial e medioambiental, mais tamén polo estragamento de recursos públicos: coa construción do novo vial proxectado ficaría en desuso unha parte desta obra, agora inaugurada e, por tanto, millóns de euros abandonados.

Por todo isto, e tendo en conta as consecuencias que ten esta infraestrutura no desenvolvemento, na seguranza nas persoas e no equilibrio ambiental e territorial da zona, o Pleno da Corporación provincial da Coruña:

ACORDA

1. Rexeitar o convenio asinado pola Xunta de Galicia e o Ministerio de Fomento que mantén a peaxe na AG-55 para o conxunto da poboación e que crea, ao mesmo tempo, unha peaxe na sombra pagada con cartos públicos para o tránsito portuario.
2. Rexeitar a imposición de futuras peaxes como consecuencia da futura construción de enlaces co vial AC-15 de acceso ao Porto de Punta Langosteira en Arteixo.
3. Solicitar á Xunta de Galicia a eliminación total da peaxe da AG-55 para o conxunto da poboación.
4. Dar traslado destes acordos á Xunta de Galicia e ao Goberno do estado.

III.MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR PARA A MELLORA DA MOBILIDADE CORUÑA, ARTEIXO, CARBALLO E FISTERRA.

A mellora da mobilidade ten que ser un obxectivo irrenunciable de todas as administracións, cada unha delas no seu marco competencial.

A posta en servizo do viario de acceso ao porto exterior, a través dunha autovía libre de peaxe, constitúe, sen dúbida, un fito importante na conectividade, na operatividade e no futuro das instalacións de Punta Langosteira, permitindo unha accesibilidade acorde coa súa potencialidade e garantindo, deste xeito, o seu desenvolvemento e o incremento da súa actividade. Unha actividade que repercute directamente no crecemento e no desenvolvemento económico dos concellos da bisbarra, especialmente no de Arteixo, que é precisamente o concello no que o impacto

ambiental e territorial desta e outras infraestruturas (autoestrada, acceso ferroviario) é máis intenso.

A autovía AC-15 conecta coa AG-55, como consecuencia dunha decisión en relación co seu trazado que o paso do tempo amosou non ser a máis acaída para lograr os obxectivos pretendidos. Debido ao trazado escollido e co obxecto de manter o acceso ao porto exterior libre de peaxe, o Ministerio de Fomento asinou un acordo coa Xunta de Galicia -titular da AG-55- para eximir de pago da peaxe os vehículos que acceden ao porto exterior, asumindo o ministerio o custe deste nun prazo inicial que remata a finais deste ano 2016 -data de finalización do acordo asinado-.

Así mesmo, o Ministerio de Fomento planificou un viario de altas prestacións que dá continuidade á vía de acceso ao porto exterior e que o conecta coa Terceira Ronda a través desta coa A-6.

En atención ao sinalado, o Pleno da Deputación da Coruña

ACORDA:

1º) Solicitar ao Ministerio de Fomento e á Xunta de Galicia a creación dunha mesa interadministrativa, coa participación da Deputación e Concellos, que analice dun xeito global o mapa de infraestruturas pendentes para o acceso ao porto exterior de Punta Langosteira, e valore a alternativa de dedicar o importe previsto no investimento da devandita vía á liberación da peaxe na AG-55.

2º) Solicitar da Xunta de Galicia que continúe e mellore o impulso e potenciación das medidas dirixidas a mellorar a mobilidade das persoas e mercancías do eixo A Coruña - Carballo – Fisterra. En concreto, a posta en servizo da autovía libre de peaxe Carballo - Baio, a ampliación da área de transporte metropolitano e a implantación de descontos no transporte público (subvención dos transbordos, descontos a familias numerosas, a mozos e mozas, etc.).

3º) Solicitar á Xunta de Galicia que continúe e mellore, na medida das dispoñibilidades económicas, as bonificacións e descontos aplicados aos usuarios da AG-55.

4º) Rexeitar a imposición de futuras peaxes como consecuencia da construción de novos accesos á vía AC-15.

5º) Dar traslado destes acordos á Xunta de Galicia e ao Goberno do Estado.

Sr. Presidente

Hai dúas mocións, unha relativa a eliminación da peaxe AG-55 por unha parte, presentada polos Grupos provinciais do PSdG-PSOE, BNG-Asembleas Abertas, Alternativa dos Veciños, Marea Atlántica e Compostela Aberta, e unha presentada

polo Grupo Provincial Popular para a mellora da mobilidade da Coruña, Arteixo, Carballo e Fisterra. Hai que declarar a urxencia de ambas as dúas.

Procédese a votar a urxencia da moción sobre a supresión da peaxe da AG-55, que é aprobada por unanimidade.

Vótase a urxencia da moción presentada polo Grupo Provincial Popular, que é aprobada por unanimidade.

Sr. Hernández Fernández de Rojas

Creo que é mellor facer o debate conxunto.

Sr. Requeira Varela

Falar da peaxe na AG-55 A Coruña-Carballo a verdade é que non é debater sobre nada novo, é un debate que se remonta xa aos 90, e remóntase incluso ao acordo unánime da Comisión de Infraestruturas do Parlamento de Galicia, onde naquel momento os tres Grupos representados que eran o Partido Popular, Partido Socialista, PSdG-PSOE e Bloque Nacionalista Galego acordan unanimemente que se vai facer unha autovía naquel caso entre A Coruña e Carballo, e que esa autovía, financiada co diñeiro dos galegos e das galegas, ía ser gratuíta. Posteriormente no meu concello hai unha visita do naquel momento conselleiro de Política Territorial, da COTOP, don José Cuiña, que anuncia, é famosa esa frase polo menos alí, léanme nos meus labios, a autovía A Coruña-Carballo nunca vai ser de peaxe, pero un ano despois, un xaneiro nefasto para a comarca de Bergantiños e da Costa da Morte, inaugúranse as casetas de peaxe na autoestrada, e desde aí toda unha serie de mobilizacións, de iniciativas, de acordos plenarios en diferentes concellos, reclamando que se cumpra ese acordo unánime da comisión de Infraestruturas do Parlamento de Galicia que declaraba gratuíta esa infraestrutura. Ben a cousa non frutifica, as reclamacións non prosperan, e hoxe en día seguimos pagando unha peaxe, unha peaxe que nós consideramos agora e consideramos sempre inxusta, e dado que agora estase a punto de acometer por parte do Ministerio de Fomento unha nova infraestrutura de conexión co Porto exterior, taxada en vinte e nove millóns de euros, nós consideramos urxente acordar ou reclamar un acordo que implique os catro puntos que levamos nesta moción, que é o primeiro punto, rexeitar o convenio asinado pola Xunta de Galicia e o Ministerio de Fomento que mantén a peaxe na AG-55 para o conxunto da poboación, e que crea ao mesmo tempo unha peaxe na sombra pagada con cartos públicos para o tránsito portuario. Segundo, rexeitar a imposición de futuras peaxes como consecuencia da futura construción de enlaces co vial AC15 de acceso ao Porto Punta Langosteira en Arteixo. Terceiro, solicitarlle á Xunta de Galicia a eliminación total da peaxe AG-55 para o conxunto da poboación, e cuarto, dar traslado destes acordos á Xunta de Galicia e ao Goberno do Estado.

Como isto vai solicitar un debate máis amplo, debido tamén á moción que presenta o Grupo Popular, que nós consideramos que podemos estar de acordo cos tres últimos puntos, e polo tanto solicitaremos o voto, se lles parece ao Partido Popular tamén, da súa moción punto por punto, para poder apoiar varias medidas, pero tamén consideramos que a nosa moción é unha moción moito máis clara, e unha

moción moito máis en consonancia co que está reclamando a sociedade da Costa da Morte, queremos ser clariños co que reclamamos e o que reclamamos neste caso é a supresión desa peaxe, e non enredar máis o conto en mesas de negociación e en debates que xa se deron no seu día e que se están dando continuamente na sociedade pero sen tomar ningún acordo concreto. Polo tanto, é momento de posicionarnos a favor ou en contra da peaxe, e é momento de reclamar ou non reclamar a supresión, nós estamos por reclamala claramente. Moitas grazas.

Sr. Calvelo Martínez

Bos días a todos. Vou tentar tamén ser breve na exposición e o primeiro que hai que dicir é que aquí estanse mesturando dúas cousas e ademais, e dígoo sinceramente, dúas cousas para prexudicar ao Concello de Arteixo. Probablemente en cinco anos que levo na Deputación esta sexa a primeira vez que se presenta unha moción para prexudicar exclusivamente a un concello, e o vou explicar.

O Sr. Regueira, que tamén leva cinco anos coma nós, como eu aquí, eu nunca lle escoitei presentar ningunha moción sobre a reclamación da eliminación da peaxe da AG-55, cinco anos aquí e nunca o fixo. Nós temos que dicir que no ano 2006, 2007, estaba gobernando o Partido Socialista na Xunta, estaba gobernando o Partido Socialista no Ministerio de Fomento, e de repente preséntase o estudo do acceso ao Porto exterior de Punta Langosteira. Nese estudo, que se presentaron distintas alternativas para min, para o meu entender, pode ser que non o comparta todo o mundo, optouse pola peor opción posible. Desde aquí eu tamén reclamo, de verdade, estamos cansados os concellos pequenos, de que se fagan os proxectos de grandes infraestruturas desde un despacho, iso é unha das primeiras reclamacións, que probablemente compartan moitos de vostedes, estamos cansados de que escolleran a peor alternativa posible. Fixeron, e volvo dicir, o Partido Socialista gobernando, o Bloque Nacionalista gobernando na Xunta, elixiron a peor opción posible para o Concello de Arteixo, e non dixeron nada, e aínda encima, desde o Concello de Arteixo, que hai representantes do Concello de Arteixo aquí que estaban alí, nesa Corporación, non presentaron absolutamente ningunha alegación. Por que digo que é a peor opción?, é unha opción que custa 80 millóns de euros, dos cales non dá absolutamente ningún servizo ao Concello de Arteixo, ningún servizo, que a execución das obras provocou un impacto brutal nos barrios do Quinto Pino que, por certo, aquí desde a Deputación, os veciños do Quinto Pino non lle importan a ninguén. Tivo que ser unha Asociación de Veciños, a Asociación de Veciños de Meicende, que no 2010, en Pleno municipal un pouco falara da aberración que significaba facer esa autovía. A autovía está feita, e está terminada.

Cando chegou o Grupo Popular ao Concello de Arteixo, sen ningunha axuda, o primeiro que fixemos foi reclamar unha conexión para facer a circunvalación de eliminación do tráfico pesado da refinería con esa nova autovía, estamos falando de tráfico pesado, que pasa polo centro urbano dunha poboación, que pasa ao lado dun colexio, un tráfico totalmente intenso. Despois, tamén sen apoio de ninguén, sen apoio tampouco da Deputación conseguimos que o Ministerio de Fomento presupostara no ano 2015 e no ano 2016, seis millóns de euros para facer ese enlace, que non entendemos, e por iso desde aquí tamén reivindico que nós traballamos para os veciños, e antepoñemos os intereses dos veciños aos intereses dos partidos, non entendemos porqué o Ministerio de Fomento ten retrasado ese

enlace para aliñación do tráfico pesado. Está terminada e rematada a autovía, e despois xorde a posibilidade, porque hoxe en día, e que quede claro, a autovía está incompleta porque a legalidade di que unha infraestrutura de interese xeral, como é o Porto exterior, ten que comunicarse cunha autovía de rede estatal, non se pode comunicar cunha autoestrada.

Nós, que nese sentido, tendo todo rematado e presentado nese sentido o proxecto ao Ministerio de Fomento, e quero deixar clarísimamente cal é a nosa posición, e que a alternativa que elixe o Ministerio de Fomento é facer unha nova infraestrutura que eles cuantifican en trinta millóns de euros, máis o enlace de Pocomaco, que aínda encima non lle colle ese enlace, que non está tecnicamente definido, e que custa dez millóns de euros máis, falamos de corenta millóns de euros, dos cales nós e por iso a partir de agora imos falar de alternativa cero, que consiste en vez de gastar corenta millóns de euros, eliminar as cabinas de peaxe de Pastoriza, que custa vinte e dous millóns de euros, esa é a posición nosa. Entendemos, e de verdade entendo que sexan lícitas as peticións que di Regueira da eliminación da peaxe de Carballo, espero que haxa compañeiros aquí que non a apoiem, porque eu se son o alcalde de Pontedeume tamén pido a supresión da autoestrada de Ferrol, e Dios tamén, que de paso tamén quiten a autoestrada de Santiago, e que quiten tamén un pouco todas as autoestradas. Por que nos centramos única e exclusivamente no que é a discusión do debate do que é a AG-55?, digo, de verdade, é a primeira vez en cinco anos que estou aquí na Deputación que vexo que se presenta unha moción onde prexudica a un concello, a un concello como Arteixo, porque o debate, e se o queren separar eu estaría de acordo en separalo, o debate é apoiar as peticións do Concello de Arteixo, porque a min paréceme moi estraño o que di un pouco Regueira, que non hai que falar nada nin facer mesas de negociacións. Eu cando lín a moción de vostedes preguntolles, cántos de aquí dos deputados que están leron o convenio co Ministerio de Fomento á Xunta?, cántos?, dígollo eu?, ningún, é que a primeira parte que poñen vostedes é que a min, como alcalde de Arteixo e como veciño de Arteixo paréceme indignante, que poñan un punto na orde do día que non o leron, ningún dos que está aquí o leu.

Segundo, o segundo punto que din, que non haxa máis peaxes, coñece algún as peticións do Concello de Arteixo?, nós reclamamos ese enlace para eliminar o tráfico pesado do que é a zona de Meicende, Pastoriza, esa circunvalación, pero tamén pedimos que na zona de Suevos, outra zona longamente afectada por distintas infraestruturas, que hoxe en día non ten ningún enlace, que hoxe en día ten unha industria importante, como é Ártabra, que ten un proxecto de expansión importante, un importante crecemento de emprego, que hoxe en día os seus camións pasan polo núcleo urbano de Suevos, unha estrada totalmente estreita, vostedes que están aquí reclamando isto, nin saben o que pedimos nós. O único que lles importa realmente nese sentido é que o debate sexa para o tema de, oe, pois mira, que se prexudiquen os veciños de Arteixo, a reclamación de Arteixo, que a temos perfectamente encamiñada e que se pase o debate ao tema da peaxe de toda a AG-55. E volvo a dicir, por que non toda a autoestrada, a autoestrada do Atlántico, por que non toda a autoestrada ata Ferrol?

A min hai unha situación que tamén me parece moi indicativa, que ademais quero dicilo aquí, que a Deputación, e aquí estamos todos para acordar, a Deputación no ano 2002 subvencionou a eliminación da peaxe da Barcala, a Deputación no ano

2002, estivo desde 2002 ata o 2006 subvencionando a peaxe da Barcala. Eu desde aquí pido, como alcalde de Arteixo, se realmente vostedes están interesados en aprobar unha moción, unha moción que defende os intereses do veciño, que esa mesma situación que se deu na Barcala de apoio da Deputación economicamente que tamén sirva de apoio para eliminar e traballar para a eliminación desa peaxe, dese enlace que demos nós alí as cabinas de Pastoriza, que nos apoiem na petición para que o Ministerio de Fomento nese sentido non faga unha nova infraestrutura que deteriora máis o noso territorio, que o único que lle pedimos é que eliminen as cabinas de peaxe, que eliminen eses carrís da vergoña, que nós lles chamamos, que aínda encima ese gasto de vinte e dous millóns de euros que foi feito con fondos europeos e que vai quedar totalmente inutilizado, que nos apoiem nesa reivindicación.

Hai outra cuestión que tamén a min me parece moi interesante, a Deputación xa apoiou economicamente a eliminación das peaxes, Regueira, pidamos que nos sigan apoiando como fixeron no 2002, ou que pasa, como vostedes agora gobernan non o queren facer, e hai outra cuestión a maiores que tamén nos produce certo enfado de que en xullo de 2006 a memoria, creo que tamén se ten que reflectir, o Partido Popular presentou unha moción cando se asinou ese acordo para a eliminación da peaxe da Barcala e da peaxe de Rande, que aínda encima vostedes sempre se vangloriaron de facelo, canto custa a eliminación da peaxe da Barcala?, canto custa?, canto lles custa aos veciños de Arteixo, de Culleredo, de Cambre e de todos os lados?, saben canto custou desde 2006 ata agora?, seis millóns de euros que pagamos todos. Canto custou a eliminación, porque iso si que é unha peaxe na sombra da eliminación tamén da peaxe de Rande, que estamos pagando todos os veciños, 90 millóns de euros. E si que é verdade que a petición que nese sentido fixo o Partido Popular no 2006 pedía claramente que as partidas presupostarias da Deputación que destinou para a subvención da peaxe A Coruña-Barcala, se destinaran a subvencionar o treito Coruña-Arteixo, non é isto que solucionamos todo o tema, pero si que un pouco iríanse dando pequenos pasos para coller é un pouco unha situación que hoxe en día cremos que é totalmente lesiva para o noso Concello quedara eliminada? E teño incluso, paréceme moi estraño e moi interesante de analizar as intervencións dos grupos políticos no 2006, onde tamén se volvía ao mesmo de sempre, quen quitara a peaxe, quen a puxera, volvamos sempre para atrás, de quen é a culpa, non é a culpa, vostedes é a culpa do Partido Popular, para nós é a culpa do ministro Pepiño Blanco, que foi o que fixo esa peaxe, que vostedes sabían aínda encima que tiña peaxe en sombra, cando se aprobou xa se sabía que había peaxe en sombra, e non dixeron nada. Pero ben, hai unhas palabras que me interesa moito dicir que din que aproveitando que foi un deputado desta Corporación en 2006, que dixo, “aproveitando que acaban de pasar unhas eleccións”, e eu isto defínoo como hipocrisía política, non que vostedes sexan uns hipócritas, non quero dicir iso, enténdaseme ben, no único que dicimos é que hai período electoral, por certo, isto díxoo un deputado do Partido Socialista, non o digo eu, un deputado do Partido Socialista.

E hai outra cuestión máis que tamén me gustaría salientar é que agradecería sinceramente porque está claro que como alcalde hai que recibir insultos, insultos da oposición, insultos da xente que non está de acordo, pero o que si lles agradecería aos compañeiros da Deputación que se un día a vostedes os invitan a unha xuntanza no Concello de Arteixo para falar do tema da peaxe, e que vostedes son libres de asistir polo menos como compañeiro pediríalles que me preguntaran primeiro cal e a

nosa opinión, gustaríame, non asistir a unha reunión que, ademais en período electoral, unha reunión que sen coñecer absolutamente nada o que é a posición do Concello de Arteixo. E o que me gustaría tamén salientar é outro dato significativo, que tamén están presentes aquí alcaldes, no 2006, cando se suprimiu a peaxe da Barcala, os alcaldes de Cambre, Culleredo e Oleiros, que en ningún momento pediron a supresión do enlace de Arteixo, en ningún momento o pediron no 2006, e refiro é a medida que se fixo efectiva no 26 de maio dese mesmo ano, e que acabou cunha peaxe longamente deostada, como a de Arteixo, os alcaldes de Oleiros, Cambre e Culleredo celebraron o día anterior a supresión do cobro degustando alí o mesmo con chourizo, tortilla e viño, iso no 2006 foi o que fixeron vostedes, no 2006, chourizo, tortilla e viño, ante a reclamación do Concello de Arteixo vostedes o que celebraron foi eliminar a peaxe da Barcala, que están pagando todos os veciños.

Chega un momento que nosoutros temos unha posición clara, e así o expresamos na nosa moción, e é o primeiro de todo solicitarlle ao Ministerio de Fomento e á Xunta de Galicia a creación dunha mesa interadministrativa, coa participación da Deputación e Concellos, que analice dun xeito global o mapa de infraestruturas pendentes para o acceso ao porto exterior de Punta Langosteira, e valore a alternativa de dedicar o importe previsto no investimento da devandita vía na liberación da peaxe da AG-55, e non o queren votar vostedes, non queren votar este punto?

Nós o que levamos, desde hai seis meses, sen axuda de ninguén é loitando para que esa opción que quere o Ministerio de Fomento, que é lesiva ao Concello de Arteixo, sexa aprobada.

O segundo punto da nosa moción é solicitarlle á Xunta de Galicia que continúe e mellore o impulso e potenciación das medidas dirixidas a mellorar a mobilidade das persoas e mercancías do eixe A Coruña Carballo-Fisterra, en concreto a posta en servizo da autovía libre de peaxe de Carballo a Baio, e a ampliación da área de transporte metropolitana á implantación de descontos no transporte público, subvencións dos transbordos, descontos ás familias numerosas, aos mozos e as mozas. Terceiro, solicitarlle á Xunta de Galicia que continúe e mellore na medida das dispoñibilidades económicas as bonificacións e descontos aplicados aos usuarios da AG-55. Punto cuarto, rexeitar a imposición de futuras peaxes como consecuencia da construción dos novos accesos á vía AC-15 e quinto, dar traslado destes acordos á Xunta de Galicia e ao Goberno do Estado.

De verdade, se queren vostedes, se lles interesa, apoiar ao Concello de Arteixo, de verdade, non entren no debate da AG-55, porque son dous debates distintos, porque o único que van conseguir realmente é prexudicar aos veciños de Arteixo, porque unha cousa é falar de non facer unha obra de corenta millóns de euros e dedicar eses cartos a eliminar unha peaxe que vale vinte e dous millóns de euros, e outra cousa é falar xa da eliminación completa da AG-55, que iso ascende a máis de cento vinte millóns de euros. Quen vai pagar eses cartos?

O Concello de Arteixo si que da pasos, o Concello de Arteixo está disposto a suprimir o imposto que lle cobra a Autoestradas de Galicia, que supón 400.000 euros anuais, que durante trinta anos de concesión son doce millóns de euros, e iso si que está disposto a poñelo o Concello de Arteixo, e o Concello de Arteixo pide tamén o mesmo tratamento á Deputación, o mesmo tratamento que se lle deu aos veciños de

Culleredo, Oleiros, Cambre, na supresión da Barcala, nós tamén o pedimos, creo que non é irresponsable pedilo, e creo que aínda, e aínda non está resolto porque se segue pagando esa peaxe en sombra, seis millóns de euros, noventa millóns de euros no que é a posición de Rande, de verdade, se queren realmente, se isto non é unha hipocrísia política, de verdade, pedímoslle que separen o que é o contido da moción, que por unha parte apoien as reivindicacións do Concello de Arteixo, e que por outra parte vostedes sigan solicitando, pedindo, porque teñen dereito, é lícito, a supresión, a eliminación da AG-55. Pero, por favor, non por facer dano, neste caso ao Grupo que goberna Arteixo, intenten mesturar dúas cousas que, de verdade, van por distinto camiño.

E para rematar quixera ler uns acordos que din: Punto primeiro, rexeitar a alternativa tres, seleccionada polo Ministerio de Fomento, da construción da prolongación da autovía do porto exterior a favor da alternativa cero, con eliminación na peaxe no tramo A Coruña-Arteixo na AG-55. Punto dous, solicitarlle ao Ministerio de Fomento e á Xunta de Galicia a paralización cautelar da tramitación de calquera convenio que puidese comprometer a retirada da peaxe solicitada, -aquí xa non nos fixeron caso-. Punto tres, crear o máis axiña posible unha Mesa de traballo de coordinación interadministrativa, Ministerio de Fomento, Xunta de Galicia, Concello de Arteixo, sobre as infraestruturas de Arteixo. Punto cuarto, solicitarlle ao Ministerio de Fomento e á Xunta de Galicia que rematen as obras de acondicionamento da poboación do Quinto Pino, no referido ás beirarrúas e á colocación do semáforo solicitado. Hoxe en día existen unhas paradas de bus que ningún veciño pode ir, pero ben, seguramente á Deputación iso non lle interesa. Punto quinto, rexeitar a implantación de novas peaxes que puidesen establecer, en concreto as relacionadas coa ligazón do enlace de Meicende-Suevos. Punto sexto, e que lles quede claro a todos os que están aquí presentes, poñer en coñecemento dos organismos comunitarios, e en particular dos xestores de fondos europeos, a problemática destas infraestruturas. É o Concello de Arteixo que vai reclamar perante Europa a mala execución desta infraestrutura, o Concello de Arteixo, o Grupo municipal de Arteixo con todos os representantes, o que vai reclamalo a Europa. Punto sétimo, no seu caso, emprender as accións administrativas e legais, mobilizando os resortes ao alcance do Concello de Arteixo na defensa dos intereses dos veciños e do Concello de Arteixo. O punto oitavo, no seu caso, impulsar unha campaña informativa de mobilización social en defensa dos intereses dos veciños do Concello, non excluindo a ninguén. E dar traslado destes acordos á Xunta, ao Goberno e aos Grupos parlamentarios europeos.

De verdade, e desde aquí o digo, non quero que isto sirva de precedente, non quero e pídolles que retiren esa moción porque, de verdade, o prexuízo que lle van facer aos veciños do Concello de Arteixo, quedará este día marcado para a historia e se eu son unha persoa que constantemente estou defendendo a Deputación, a Deputación tamén que sobre todo sirva para atender as necesidades dos concellos de menos de 20.000 habitantes, eu a partir de agora como a vou defender diante dos meus veciños cando vostedes van aprobar unha moción que sobre todo crea un grave prexuízo ao noso concello. Máis nada.

Sr. García Seoane

Está dicindo o alcalde de facer dano. Eu que levo moitos anos en política non entendo esa frase polo que che vou dicir agora, acórdese o que se acorde verás o que pasa, o Goberno da nación, uns e outros, fixeron sempre o que lles deu a gaña ignorándonos totalmente aos cidadáns desta comarca, fixeron sempre o que lles deu a gaña, ignorándonos totalmente.

Eu estou a favor de calquera proposta de melloras viarias nesta comarca ou en calquera outra zona de Galicia, pero nesta comarca, porque é a grande esquecida polos ministerios que houbo dunha e doutra cor e, polo tanto, estou tamén a favor da eliminación das peaxes porque nós pagamos peaxes aquí, nestas zonas, e en calquera outra parte de España circúlanse, cincuenta, cen, douscentos quilómetros sen pagar peaxes de ningún tipo, isto é unha vergoña, isto é unha cousa que non ocorre no resto de España. Polo tanto, eu estou a favor de calquera moción que se presente quen a presente, que vaia na liña de reclamar o que non nos deron e de eliminar esas peaxes infames que nos colocaron.

Eu vou votar as dúas, vou votar as dúas mocións, sabendo que ningunha será aceptada, que importa que nós aprobemos aquí porque non van ser aceptadas polo Goberno da nación. O Goberno da nación está ao servizo da multinacional ianqui á que lle venderon a autoestrada, haberá que pensar en como recuperamos unha autoestrada que está pagada, que están pagadas as obras, recuperala e polo tanto, meternos en vez de gastar oitenta millóns, cento dez millóns, trinta millóns, claro, parece que estamos falando de nada, estamos falando de miles de millóns de pesetas, e deixarse de fandangos, claro. Se compramos non cae nada polo camiño, nin cae cemento, nin cae o asfalto, nin cae nada, polo tanto, ao mellor esas son as razóns polas que ningún Goberno da nación se mete realmente a agarrar o touro polos cornos e facerse con esta autoestrada e con outras autoestradas que temos aquí, e que sirvan aos cidadáns sen pagar esas peaxes. Polo tanto, a multinacional ianqui é a explotadora dos galegos co permiso, coa anuencia, dos gobernos de quenda.

Sabes que te aprecio, non cho digo de broma, sabes que te aprecio, pero eu festexei con chourizo, téñoche que recordar que era á grella, que era á grella porque así é como teñen que estar todos os chourizos neste país. Nada máis ca iso.

Sr. Requeira Varela

Primeiro deixarlle moi clariño que aquí ninguén quere prexudicar ao Concello de Arteixo, todo o contrario, agora ben, respecto vostede as reivindicacións de toda unha comarca desta provincia, ou de varias comarcas, Bergantiños, Soneira e Fisterra, que cos seus cartos e co do resto dos galegos pagouse unha infraestrutura e están no seu dereito a reclamar a supresión da peaxe, tamén. Eu supoño que do mesmo xeito que temos que respectar a reivindicación do Concello de Arteixo, a reivindicación unánime, non do alcalde do Concello de Arteixo, porque vostede fala do acordo e dalgún xeito vostede garda para si a loita, pero que eu saiba no Concello de Arteixo aprobamos todos os Grupos os oito puntos do acordo que vostede acaba de referir, é así ou non é así?, e estou disposto e comprometo o voto do meu grupo en apoiar singularizadas as reivindicacións do Concello de Arteixo, pero vostede

déixenos tamén que o resto do territorio afectado por esa infraestrutura reclamemos o que consideremos xusto.

E eu non vou ser tan breve como vostede, vou ser un pouco máis breve, bastante máis breve, entón voulle recordar solo ou puntualizar varias datas, mire vostede. No ano 2002 na Deputación da Coruña gobernaba o Partido Popular, no ano 2005 na Xunta de Galicia en funcións gobernaba o Partido Popular e o que fixo foi ampliar a concesión vinte e cinco anos para imposibilitar o rescate, algo moi parecido ao que fixo con Emce hai moi pouco tempo, é dicir, imposibilitou o rescate, e voulle poñer as datas claves. Mire, a peaxe instaurouna o Partido Popular, e na historia da autonomía de Galicia o bipartito só está tres anos. En todo caso, o que quero dicir con isto é que vostede non nos culpe a nós dos danos causados por decisións políticas unilaterais do Partido Popular, e punto. E vostede, eu vino a vostede nalgunhas páxinas dos xornais coa ministra Ana Pastor, supoño que estaría reivindicando o que aquí acaba vostede de reivindicar e paréceme ben, e insístolle, estamos dispostos a que singularmente o que pide o Concello de Arteixo, apoialo, e tamén voulle refrescar a memoria algo máis. Na etapa do anterior goberno de Arteixo, antes de vostede, eu creo que houbo tamén algún acordo unánime ao respecto das intencións do Ministerio de Fomento, e aquí hai un deputado que noutra faceta da súa vida tamén é presidente dunha Asociación de empresarios do Polígono de Sabón, e creo que incluso esa Asociación de empresarios tamén tomou un acordo ao respecto e llo transmitiu ao Ministerio de Fomento.

Polo tanto, aquí estamos todos de acordo co que reivindica o Concello de Arteixo, todos, non só o alcalde de Arteixo, as outras forzas políticas tamén, pero mire vostede, o que nos propoñen vostedes aquí na súa proposta de acordo é, solicitar esa Mesa, a min paréceme ben que se fale todo o que se teña que falar, pero eu creo que disto xa se ten falado demasiado, o que se ten que tomar é unha decisión, e a nosa moción é bastante máis clara. E despois din vostedes algo curioso “Solicitar da Xunta de Galicia que continúe a mellora e o impulso e potenciación das medidas dirixidas a mellorar a mobilidade das persoas e mercadorías do eixe A Coruña-Carballo-Fisterra, en concreto a posta en servizo da autovía libre de peaxe Carballo-Baio, a ampliación de área de transporte...”, etc., etc. Mire, a autovía libre de peaxe Carballo-Baio, cando chegaron vostedes á Xunta ultimamente o que fixeron foi descartar unha licitación que xa existía, volver licitar e converter esa autovía que era Carballo-Berdoias, en Carballo-Baio, é dicir, esa autovía acabou custando o dobre e tendo a metade de quilómetros, iso é o grande logro do Partido Popular, pero é máis, nas últimas semanas, nas páxinas dos xornais das comarcas de Bergantiños, Soneira e Fisterra, non sei se nas de aquí, aparece continuamente un tren turístico propiedade do Concello de Cabana de Bergantiños, onde soben vostedes a escolares para dicirlle “que buena es la Administración que nos ha hecho una autovía libre de peaje”, o que non lle contan, ou creo que non lle contan, porque eu preguntei, é que esa autovía efectivamente custa o dobre do que tiña que custar, ten a metade de quilómetros dos que debía de ter, e íase rematar no 2010 e non estivo, no 2011, non estivo, no 2012 non estivo, no 2013, non estivo, no 2014, non estivo, no 2015 non estivo, e estamos a rematar o 2016, creo que por fin vai estar. Esa é a realidade, Sr. Calvelo.

Polo tanto, nós, os que vivimos noutra parte do país, e da provincia, e nos desprazamos a diario á Coruña, e prométtolle que hai moitísimos traballadores e traballadoras desde Fisterra para aquí que veñen todos os días á Coruña a traballar, e

pagan peaxe, e esa infraestrutura aprobouse unanimemente libre de peaxe e con diñeiro das persoas que vivimos neste país, polo tanto, tamén temos dereito a reclamar. E xa lle digo, insístolle, a reclamación do Concello de Arteixo pode estar vostede totalmente seguro de que vai ter sempre o apoio do Bloque Nacionalista Galego, sempre, e deixaremos ademais que vostede sexa quen encabece esa reivindicación, tampouco nos queremos outorgar máis protagonismo do que debemos, para iso é o alcalde.

Agora tamén, para rematar, dígolle unha cousa, eu supoño que as forzas políticas, democráticas, que temos representación nos municipios, cando se nos convocan, teremos dereito a asistir ás convocatorias sen pedirles permiso aos alcaldes do Concello onde se nos convoca, eu podo estar de acordo en que ao mellor deberíase de convocar ao alcalde de Arteixo, e eu así llo dixen, vendo o que fixo, pero home, non nos criminalice vostede por manter encontros entre forzas políticas, porque eu voulle dicir algo máis, a nivel institucional, falando de gobernos, eu no meu Concello sufro, con máis periodicidade da que quixera, que cargos de goberno da Xunta de Galicia aparezan a inaugurar ou a presentar non sei que tipo de cousas, e que a alcaldía do meu concello non estea nin avisada, iso si que me parece grave, pero non hai que confundir o partidario co institucional, e nós estivemos nun acto partidario, entre forzas políticas, non entre administracións, estivemos nun acto de partidos, aí había tres forzas ou catro, ou máis, non sei, aí estaba que eu recorde, o BNG, o PSOE, creo que había xente, Terra Galega estaba, e creo que había xente doutras alternativas políticas, e que parece que a vostede só lle faltou facer referencia a Venezuela para que iso parecera unha campaña política, só lle faltou iso.

Sr. Sacristán de Diego

Tanto por alusións, porque o Sr. Calvelo leva en política moi pouco e posiblemente descoñece o que fixemos outros noutras épocas con respecto a estes temas, pero eu enténdoo perfectamente digamos a soidade que sinto un cando unha infraestrutura deste tipo lle afecta, eu enténdoo perfectamente porque eu a soportei durante moitos anos, durante trinta e tres anos, e sei o que é que tomen decisións sobre un territorio sen contar co alcalde, seino perfectamente, porque eu o sufrín, agora tamén pódolle dicir que nunca tiven a solidariedade de Arteixo, nin agora nin antes, eu si fun solidario coa peaxe de Arteixo, vostede é moi novo, leva moi poucos anos, pero mire, nós xa tivemos manifestacións sobre a peaxe hai moitos anos, antes de vostede chegar á política, en Carballo, en Arteixo, eu acudín a todas esas reunións, é máis, tiven reunións con ministros e con conselleiros pedindo a eliminación desa peaxe, igual que o tiven coa Barcala, e pelexamos pola Barcala, efectivamente, pelexamos duramente, pero non só afecta á xente de Culleredo, á xente de Arteixo, á xente de Cambre e á xente de Oleiros, afecta a moitísima xente, a todo o que pasa pola AP-9. E conseguímolos nun momento determinado, pero podíamos conseguilo antes, e tivemos reunións co Sr. Cuiña, tivemos reunións co Sr. Feijoo, moitas, para eliminar a peaxe, é máis, tivemos unha xusto antes de que se prorrogara a concesión, e non se nos fixo nin caso, e hai testemuñas, está o alcalde de Oleiros, o ex-alcalde de Cambre, Tonecho, etc., etc., que estaban presentes. E durante moito tempo estivemos reclamando esa situación ata que o conseguimos. Pero mire, eu xa cando entrei de alcalde xa non quixen asistir á inauguración da AP-9 no tramo que faltaba da Barcala, hai trinta e tres anos, precisamente porque había peaxe, e precisamente porque era unha infraestrutura que dividía O Burgo e Vilaboa,

que era a zona máis urbana, máis edificada, sen unha soa entrada e saída. Polo tanto, a min no me diga nada desas infraestruturas porque eu pelexei pero nunca vin a ninguén de Arteixo traballando alí, igual que non os vin co transporte, solucionaron o tema pola súa conta pero os demais concellos si que fomos xuntos ás manifestacións polo transporte público, etc., etc. o que pasa que vostede acaba de chegar. Polo tanto, consulte ben as hemerotecas e verá que é así.

Celebramos a eliminación da peaxe da Barcala cos veciños, con todos os veciños que se quixeron sumar, porque todos participaron nas manifestacións que faciamos para eliminar a peaxe da Barcala porque efectivamente era unha festa, para nós era unha festa, despois de tanto loitar como o será para vostede se consegue os seus obxectivos, e aí non o dubide, vai estar co noso apoio porque se algo destacamos nestes anos é porque fomos solidarios.

De todos xeitos quérolle dicir que vostede está intentando ser insolidario cos demais, por que se opón a que os demais soliciten a eliminación da peaxe?, ou que hai que ter só solidariedade cos que viven en Arteixo?, haberá que ter solidariedade con todos os que son afectados por esa infraestrutura porque é unha vergoña, efectivamente, que vindo desde Madrid sen peaxe, os últimos quilómetros, ata que se fixo a AC-14 houbera que pagar peaxe, é unha vergoña, pero recórdolle que quen gobernaba nese entón era o Partido Popular, e o Sr. Cuiña desde o ano 1999 ata o 2005 ou 2003, esa é a realidade, non hai outra, e non trate de mesturar unhas cousas con outras. Esa autoestrada cando naceu, que non ten a consideración de autoestrada porque non reúne as condicións técnicas para iso, pero esa autovía non era de peaxe, e expropióuselle á xente dicindo que non era de peaxe, e logo púxose peaxe e sabe que hai moitos veciños que reclamaron precisamente por esa situación, porque non ía ser de peaxe, e pagóuselles bastante menos do que ao mellor se lles tiña que pagar se fora de peaxe, como se fixo no treito A Barcala-Vilaboa ou Coruña, onde tamén se tentou pagar bastante menos porque ía ser un treito sen peaxe e logo despois había peaxe.

Polo tanto, non dubide da solidariedade dos demais concellos e dígolle, vostede ten que ter coidado, non acuse os demais de insolidarios, a insolidariedade máis ben ten que facer unha reflexión en parte de quen está, examínese, pense o que fai, pense o que di, e posiblemente mellor nos vai.

Eu coñezo perfectamente a moción que vostede aprobou no Pleno de Arteixo, coñezoa desde o mesmo momento que a aprobou, e lina moitísimas veces porque eu preocúpome do que ocorre ao redor tamén. E tamén lle teño que dicir que agora intenta meter á Deputación nun tema que vostede quixo excluír á Deputación nun acordo que adoptou no Concello de Arteixo, vostede a quixo excluír, e sabe por que?, porque gobernabamos nós, se gobernaran vostedes na Deputación, seguro, seguro que a incluíría, pero como gobernabamos nós non quería que estivéramos nas conversas que mantén co ministerio nin co porto, esa é a realidade, non veña dicindo outras cousas tratando de embarullar a situación. E vostede no acordo que adoptou, que o teño aquí perfectamente, di de nomear precisamente esa Mesa intersectorial, pero a Deputación non a nomea para nada, noméaa agora, porque agora lle interesa, porque se presentou a moción, pero cando vostede adoptou o acordo non lle interesou, e paréceme que se alguén foi favorecido pola Deputación Provincial da Coruña, gobernara quen gobernara, foi o Concello de Arteixo, e se non cando queira

facemos os números, se alguén saíu favorecido foi o Concello de Arteixo, e os números están aí para velos en calquera momento porque son públicos.

Por outra banda, non se preocupe, vai contar co noso apoio, porque hai unha emenda presentada, vostede xa adianta o que imos votar os demais, parece que nos le o pensamento, pois non, precisamente dixémoslle que queríamos votar punto por punto porque nalgúns estamos de acordo coa vosa emenda, polo tanto, non trate de adiantarse a algo que vai suceder dentro de pouco, pero teña coidado cara a onde dispara porque ten que facer primeiro un exame de conciencia, e non acusar a ninguén de insolidario, e non acusar a ninguén de que non participa naquilo que lle pode interesar a Arteixo, porque xa lle digo, vostede si que non estivo nesas manifestacións, pero eu si estiven nesas manifestacións pedindo a peaxe, vostede non estaba en política e eu xa estaba en política, e estiven en Arteixo e en Carballo, en varias manifestacións, pedindo a eliminación desa peaxe.

Sr. Calvelo Martínez

É interesante a reflexión de Sacristán, é verdade que nós, os políticos que levamos pouco tempo non valemos para nada, está claro que a xuventude nese sentido, non estabamos nas manifestacións porque ao mellor tampouco tiñamos a idade, é un crime noso, pero vostedes que levan moito tempo na política poden estar contentísimos que non fixeron nada. Eu, de verdade, eu se levo trinta anos na política e non consigo nada, entón eu collo e voume, xa non é tampouco a miña pretensión estar moito tempo na política porque a política é sobre todo renovar, caras novas, achegas novas, non trinta anos nun cargo, sobre todo cando levas trinta anos que non fas nada e que non consegues nada, entón, pois ben, pois esas declaracións, é verdade, o meu maior crime que cometín, acabo de chegar á política, pero quizais o que non fixeron moitos, tivemos que rescatar un servizo de auga, que non o fixo ninguén, estamos loitando por un tema, un servizo de recollida de lixo, que sexa moito mellor e dea mellor servizo tamén para o concello, iso facémolo os políticos novos, os políticos que levan trinta anos un pouco nos miran por enriba do ombreiro e moitas veces temos que aguantar como se rin de nós, ou cando se xuntan vostedes din “pero quen son estes?”, nós pedímoslle respecto para a xente nova, porque de verdade o futuro da política está na xente nova e probablemente eu agardo que cando eu saía da política, que esperemos que non sexa dentro de moitos anos, eu non quero estar trinta anos en política, a min paréceme unha declaración que fixo vostede, que a Deputación favoreceu ao Concello de Arteixo, está de broma, non?, está de broma. O Concello de Arteixo nos catro anos que estiven eu aquí na Deputación só levou unha subvención nominativa, non me enrede despois con distintas subvencións que ían de anos para atrás, e non me enrede vostede co Polígono de Sabón, que como di vostede, trinta anos de político, e teña que vir un rapaz con tres anos na política e recoller unha situación do Polígono de Sabón, que daba vergoña como estaba, e que queira dicir que favoreceu a Arteixo nese sentido que deran cartos para unha situación que tiñan que resolver vostedes? Non Sr. Sacristán, non, eu non estiven nas manifestacións, ao mellor non tiña idade, vostede si, pero tamén recordo que si que houbo manifestacións en Arteixo polo tema, e volvo dicir, e poden enredar o que queiran, eu non son insolidario, eu creo perfectamente nas reivindicacións que fai neste caso o Sr. Regueira, e quero deixar clara a miña postura, creo nas reivindicacións, están no seu dereito de pedir eliminar a peaxe da AG-55, igual que o alcalde de Pontedeume pode pedir a eliminación da peaxe de Ferrol, non sei por que

non o fai, por que non apoian nesta moción ao alcalde de Betanzos que é alcalde seu, por que non o fan? que pasa?, só interesa mesturar. Eu o que teño claro é o que lle dixeran, o único que pido é que no se mesturen os temas, un tema é a situación de Arteixo, onde pide que non se faga unha obra de corenta millóns e se quite a peaxe, e outra cousa é a eliminación completa da peaxe, e no caso de Arteixo aínda encima mete doce millóns de euros o Concello de Arteixo, eu non sei que máis queren, de verdade.

Regueira, e ten aquí o meu compromiso, eu estou coa súa reivindicación, porque si que é verdade, hai moitos sitios que non, pero os veciños de Carballo, os veciños de Fisterra, veñen a traballar aquí a Coruña, e moitos deles son do sector da construción, e teñen que levantarse ao mellor ás sete ou ás seis e media para vir a traballar aquí ou a Ferrol, e cando non teñen cartos porque non lles dá, non poden ir pola autoestrada, e nós estamos falando tamén do que é o principal polígono industrial da zona metropolitana, o principal polígono industrial, onde estamos falando de eliminar unha peaxe para traballadores que se queren ir a comer á súa casa teñen que pagar 2,20 euros, por facer cinco quilómetros, eu creo que pedir iso non é mesturar con nada. Non me pode chamar insolidario, non llo consinto que me chame insolidario, e sei polo que mo di, e non é polo tema da autoestrada, e sei polo que mo di.

E logo, volvo a dicilo, as cousas claras, e ao mellor vostede que leva trinta anos en política, non pensa igual ca min que levo cinco, primeiro os veciños e despois os intereses do Partido, e nós enfrontámonos ao Ministerio de Fomento, e enfrontámonos á Xunta e enfrontarémonos a quen faga falla para defender un dereito que lle corresponde neste caso á situación de Arteixo, e apoiaremos as reivindicacións tamén dos demais.

Como di vostede, si que celebrou o tema da Barcala, si que foi comer, como di Gelo, o chourizo á grella, a tortilla, pero non fixo nada máis despois para pedir a supresión da peaxe de Arteixo, porque as manifestacións foron no ano 97, e a eliminación da peaxe foi no 2006, que fixeron vostedes desde o 2006?, que fixo a Deputación desde o 2006? Que me diga a min vostede que estou pedindo o mesmo trato que lle deron a vostede para financiar a eliminación da peaxe da Barcala, que discriminación pode haber?, eu o único que estou pedindo é o apoio da Deputación como o recibiron vostedes, vale eu son un político novo, ao mellor non teño tanta memoria.

Houbo moitas reunións, estamos de acordo, e como di vostede, a peaxe da Barcala dividía A Barcala-O Burgo, e a nós divídenos Meicende e Arteixo e queremos quitar o tráfico pesado que hai camións cargados de mercancías perigosas perigosas, pero a única posibilidade é negociar o que dicimos, en vez de corenta millóns, facer a eliminación con vinte e dous, non enredar o tema, que esa é outra petición, esa é outra moción, se enredamos o tema para ir a unha eliminación da peaxe completa de cento vinte millóns queda totalmente prexudicado o Concello de Arteixo, eu son solidario coa xente de Carballo pero, por favor, non mesturen unha cousa con outra, non utilicen esa hipocrisía política.

O transporte público, que eu resolvín unha situación porque un bus urbano que pasaba por diante das nosas casas non paraba, e vostede que leva trinta anos na

política, que resolveu do transporte metropolitano?, e ten orgullo de estar trinta anos na política?, eu se en trinta anos na política non fago nada do transporte metropolitano voume, voume. É que parece que é despectivo levar pouco na política, parece que, de verdade, vostedes son os padres da patria, eu estiveno vendo en distintas reunións que teño con vostedes, vostedes son os padres da patria, síntoo por vós, non nos teñen en conta, dígoo pola xente da Marea, non nos teñen en conta, nós somos uns cativos, somos uns rapaces que dá igual o que pidamos.

Volvo dicir, Arteixo sufriu expropiacións, Arteixo sufriu distintas infraestruturas, onde estivo o apoio de vostede no que era a reivindicación da infraestrutura do ferrocarril de acceso ao Porto exterior?, que querían tamén estropear as poboacións de Arteixo, onde está o seu apoio?, onde está o apoio da Deputación?, onde está o apoio do Bloque?, si que é verdade que tiñamos o apoio do Partido Socialista e do Bloque de Arteixo, pero onde estaba o apoio dos demais?, da Deputación?

Eu creo que levo aquí cinco anos e de verdade, nunca interrompín a ninguén que falara, e ás veces teño que recoñecer que aguantei mocións que realmente eran insoportables, entón o único que pido que me deixen terminar, vale, que sexa pesado, poden despois vostedes saíndo que é un descerebrado, que é un irresponsable, como moitos insultos que estou recibindo estes días, a min dáme igual, pero si que estou no meu dereito, na miña palabra, e quero responderlles.

Poden volverse a dicir que a autoestrada a fixo cando gobernaba o PP, e eu volvo dicir, e a autovía de acceso ao porto exterior fixérona cando gobernaban vostedes, e eu estou cansado da política de ti máis, ti máis, de quen é a culpa?, estamos ante unha situación que, de verdade, cando pedimos que se faga unha mesa de negociación é para resolver un problema, e indígname, igual que vostede dixo que leu a moción institucional, e é verdade, teño que recoñecer que esquecín, os oito puntos que acordamos antes foi unha moción institucional aprobada por todos os Grupos políticos, pero que lle digo, de verdade, nese sentido, cando nós estamos reivindicando unha cousa, vostedes volven ao pasado, e a xente, e sobre todo moita xente está cansada da política do ti máis.

Voulle responder un pouco ao Sr. Regueira. Volvo dicirlle, respecto, comparto nese sentido e teño moita xente coñecida en Carballo, e respecto a súa reivindicación, o único que lle pido é que non a mesture coa nosa, é o único que lle pido, porque nós nese sentido, a reivindicación nosa, sexa polo ámbito da mesa de negociación, sexa polo ámbito da xustiza ou da reclamación administrativa, ou sexa polo ámbito de chegar a Europa polo malgasto de vinte millóns de fondos europeos, chegaremos seguramente á máxima instancia e cremos que estamos ante unha posibilidade de que definitivamente se poida eliminar esta peaxe. Vaiamos dando pasiño a pasiño, como se fixo na Barcala, porque por esa regra de tres, cando se eliminou o da Barcala, tiñamos que ter eliminado todos, non se fixo, vaiamos paso a paso, produciuse A Barcala, que eu estou de acordo con esa eliminación da peaxe, imos intentar que se elimine a peaxe de Pastoriza, e imos seguir loitando porque se eliminen as seguintes peaxes ata a AG-55 ata Carballo, porque de verdade, nesta zona, en todo o ámbito noso, estamos falando de xente traballadora, é xente que vén traballar.

Non volvo ao de atrás, Regueira, porque non creo nas políticas do ti máis, eu non vou botarlles a culpa a cando estaban vostedes no bipartito no 2016 cando se aprobou esta autovía, non llas vou botar, vostedes repetíronme tres veces cando estabamos gobernando no que é o PP, solicitamos si a negociación. Non criminalizo a ninguén por asistir a unha reunión a Arteixo, non criminalizo a ninguén, o único que lle pido como compañeiro é que me pedira, ou que me deixara a posibilidade de explicarlle cal era a nosa posición, é o único que lle pido. E o único que nos tachan, de verdade, e teño que recoñecer que o noso partido, o meu partido, táchame de irresponsable polo único feito de pedir unha mesa de negociación, o único que pido é que se senten as administracións. Cando lle digo ao Sr. Sacristán, leu os acordos, non leu o convenio, é que de verdade é que é unha vergoña que ningún de vostedes lera o convenio e o que di o convenio, que abra a posibilidade da mesa de negociación, meu Deus, é que é increíble, eu ao mellor xa estou nun ámbito que... Volvo dicir, e quero deixar claro, apoiamos, eu polo menos apoio as reivindicacións do Sr. Regueira pero o único que pido, de verdade, é que non mesturen as reivindicacións de vostedes cun feito como é esta cuestión de non gastar corenta millóns de euros nunha obra e eliminar unha peaxe que custa vinte e dous millóns de euros, iso é o que pido, e por iso pídolles que retiren esa moción para non mesturar os puntos, para non mesturar unha cousa con outra, para que, como dicía o seu compañeiro Lagares, que non se utilice a hipocrisía política para prexudicar neste caso a un concello.

Nese sentido, Gelo, aínda que a alguén lle pareza mal, eu tamén téñoche moito aprecio, eu sei que nese sentido loitas e loitarás pola eliminación das distintas peaxes, e de verdade, eu boto de menos aquí que non se fale tampouco de paso da eliminación da peaxe de Guísamo, da de Betanzos, da de Santiago e da de Fene, que só se fale exclusivamente da eliminación da AG-55, que pasa?, os demais territorios non contan?, ou a Deputación non é Deputación para todos?

Creo que non me queda nada máis porque xa desordenei todos os papeis.

Sr. García Seoane

O tema é por alusións, simplemente. Volvo a dicir cariñosamente, porque non teño razón ningunha para que sexa con acritude, hai moita xente hoxe en política nova, ten que haber xente nova en política a narices, ten que haber, senón o país vai mal, ten que haber repostos, ten que haber xente que entre nas administracións e que se vaia preparando e que vaia levando a batalla adiante, senón malo para a democracia. Pero hai unha norma nalgúns políticos que todo o vello non vale para nada, unha cousa son os trapos vellos e outra son as cousas con prestancia, con clase, como teño eu, por exemplo, en política, con clase como teño eu en política. Claro, eu non levo trinta, levo trinta e sete, pero sabedes por que levo trinta e sete, Calvelo?, porque me votaron, algúns din, non, eu vou estar catro anos, porque está seguro que aos catro anos vanlle dar unha patada no cu que o van botar para fóra, ou vou botar como moito dúas lexislaturas, e hai algúns que aínda pensaban seguir pero o que o Partido nos cambiou porque non valían e resulta que, “non, eu voume porque claro, xa levo moito tempo”, é de guisa. A política é unha actividade dos cidadáns, dos que sentimos, dos que temos proxecto, dos que queremos un país distinto, dos que temos unha ideoloxía, que cada día escasea máis, e polo tanto temos un proxecto que queremos para o noso pobo ou para a nosa comunidade ou para a nosa nación.

Eu limítome a este país que lle chaman Galicia, que forma parte de España, traballo en Oleiros para dar un exemplo do que se pode facer. Polo tanto, cando se fala de trinta anos hai que ter moito coidado, porque para botar trinta, ou trinta e sete anos como levo eu, ten que admitirte o pobo, que é o que ten a decisión en democracia.

En catro anos na lexislatura anterior, concellos con gobernos novos por toda España e con concelleiros e asesores novos, os bigotes e outros, non o bigote de Angel García Seoane, os bigotes e outros o único que fixeron por este país foi saquear as arcas públicas, os que levaban catro anos, na periferia de Madrid montóns de concellos, na Comunidade Valenciana, etc., etc., eses que levaban catro anos, os que viñan facer política nova e a ensinarnos aos que estabamos xa hai moitos anos. Por tanto, eses dedicáronse a saquear as arcas públicas, fai falla xente nova, eu neste momento teño cinco rapaces no goberno que teñen menos de trinta anos, rapaces e rapazas, claro que me preocupa o futuro, e niso temos que traballar os políticos, pero o que non se pode dicir é que os que vimos novos, porque digo os que viñeron novos saquearon o país, e a algúns faltoulles levar as campás da catedral. Máis nada.

Sr. Sacristán de Diego

Moi brevemente, reiterar que nós estamos a favor da eliminación da peaxe, tanto de Arteixo como de Carballo, porque imaxino que os traballadores dos que estamos falando son iguais vivan onde vivan, serán traballadores, cústalles o mesmo a peaxe vivan en Dumbría, ou en Carballo ou en Arteixo, e o que estamos é por autovías ou autoestradas libres de peaxe, en primeiro lugar.

En segundo lugar, xa aclarou Gelo, non vou aclarar por que levo trinta e tres anos en política, e en terceiro lugar creo que algunhas cousas fixen, algúns poden pensar que non fixen nada, eu creo que os menos, outros pensan que fixemos bastante, e en todo caso, fixemos o que puidemos, que non é pouco, e a base de pelexar, e desde logo, volvo a reiterar que eu entendo perfectamente, eu son solidario con Calvelo polo tema de soportar unha infraestrutura que, tamén hai que dicilo, a diferenza da infraestrutura que soporta con respecto a Alvedro, cambia substancialmente, porque polo menos o porto paga licenza por facer as obras, cousa que o aeroporto está libre, non paga licenza, non paga absolutamente nin un euro coas obras que se fixeron. Polo tanto, creo que se algo soportamos, e somos solidarios coa área metropolitana, coa provincia, somos nós que os meus veciños, a pesar de teren o ruído, non reciben un só euro de licenza de obras, ou sexa, que solidariedade haberá que falar entre outros de Culleredo.

E volvo a reiterar que non é un tema entre Arteixo, Culleredo ou entre o alcalde de Arteixo e o alcalde de Culleredo, porque estamos no mesmo barco, posiblemente discrepamos en que pretenda que se elimine un tramo, eu entendo perfectamente que pida que se elimine un tramo, e os demais preferimos que se elimine todo, se conseguimos que se elimine todo elimínase tamén o de Arteixo, co cal, tirar para enriba para conseguir ao mellor a metade, non é mala idea, normalmente todos cando imos pedir, pedimos o dobre do que sabemos que nos van dar, pero polo menos, se nos quedamos curtos, ao mellor non recibimos nada. Máis nada.

Sr. Requeira Varela

Moi brevemente, porque non vou entrar nos múltiples debates que se deron no debate que estaba formulando. Antonte, esta mesma moción que presentamos debateuse no meu concello, e obtivo o voto favorable do Partido Popular, é dicir, aprobouse por unanimidade dos grupos, votouno o Partido Popular, PSOE, Terra Galega e Bloque Nacionalista Galego, no Concello de Carballo, eu pídolle Sr. Calvelo que a vote tamén, porque estamos pedindo que se suprima a peaxe no seu concello e eu agradézolle tamén que pense nunha poboación de ao redor de entre 70 e 90.000 persoas, que oscila, a poboación das comarcas de Soneira, Fisterra e Bergantiños, como vostede ben dicía antes que se despraza a diario a traballar, que é unha das comarcas peor comunicadas de Galicia, que padece a lacra de emigración porque non está industrializada e nunca se tivo en conta, padece unha incomunicación absoluta, e se queren vir a Coruña en autobús, é dicir, se queren vir en transporte colectivo, que é algo que nós defendemos, pódense tirar o mesmo tempo que tardamos en ir en avión desde aquí a Alemaña, sen moitas posibilidades porque vai ter que facer tres ou catro transbordos no día. Polo tanto, eu creo que é de xustiza reclamar esa eliminación da peaxe.

Vostede mesturou aquí varias cousas, pero voulle dicir unha que a min me parece a máis importante de todas, e é volver ao principio. A autoestrada, a actual autoestrada A Coruña-Carballo fíxose con diñeiro público, de todos os galegos e das galegas, e cun acordo unánime sobre a súa gratuidade e, polo tanto, Fomento, a Xunta de Galicia, ou quen sexa, cando pense en suprimir peaxes nesa infraestrutura, ten que tamén pensar en suprimir o resto das peaxes, simplemente iso. E quen ten algunha culpa, quen ten toda a culpa de que esa infraestrutura non se puidera rescatar foi o Partido Popular, iso non o pode negar vostede nin ninguén. Polo tanto, eu agradézolle a solidariedade que vostede vai ter, porque aquí xa o dixo coas mobilizacións que vai haber de aquí en adiante reclamando a supresión da peaxe na totalidade da infraestrutura.

Eu tamén lle deposito a nosa adhesión ás reclamacións que faga o Concello de Arteixo, que son lícitas e eu considero que se ten que ser a primeira peaxe que se suprima, que sexa a de Arteixo, e nós estaremos aí ao seu lado, pero eu agradeceríalle que votara a favor desta moción como votou o Partido Popular de Carballo a favor dela no Concello de Carballo e non pasa nada, e nós votaremos, se vostede permite votar por puntos, anticipámoslle que votaremos a favor do terceiro, cuarto e quinto da súa moción tamén.

Sr. Calvelo Martínez

Sobre a intervención do Sr. Requeira, eu creo que é a cuarta vez que di que a culpa foi toda do Partido Popular, ben, pois eu direi a quinta vez que a culpa da peor infraestrutura de Arteixo, que é a AG-55 foi do Partido Socialista, gobernando tamén na Xunta o Partido Socialista co bipartito, vale?, quedamos todos así?, volvemos á política do e ti máis? Volvemos dicir, que podemos facer agora?, porque volvo reiteralo, pido que se retire a moción que presentan vostedes, para non mesturar unha cousa coa outra, nós compartimos a idea de vostedes, nós o que pedimos claramente, corenta veces o direi, por iso vaise facer dano ao Concello de Arteixo, é que unha obra do Ministerio do Fomento que custa corenta millóns de euros, por

favor, eliminen, utilicen vinte e dous millóns dese diñeiro para eliminar as cabinas da peaxe, que favorece a todo o mundo, dos cales o Concello de Arteixo está disposto a poñer dos vinte e dous, doce, e que pedimos axuda á Deputación como foi o tema da Barcala, analíceno vostedes tamén desde o punto de vista de Carballo, máis non podemos facer. Igual que din, e dicíao Sacristán, si, son traballadores os de Arteixo, os da área metropolitana que van ao polígono, e os de Carballo, pero tamén son traballadores os de Santiago, e os de Ferrol, que pasa, hoxe non contan eses traballadores? Chega un momento, vólvoo dicir, saca o tema de Alvedro, pois é verdade, trinta anos de alcalde e non conseguir nada de Alvedro, eu voume, nos levamos cinco anos no porto e polo menos pagan licenzas e están cumprindo todo o que son as condicións, que tamén nos van dar problemas, pero ben, vostede di que ninguén o apoia ou ninguén é solidario co tema de Alvedro, pois quite o debate, presente unha moción.

E, por certo, volvo reiterarlle, o porto exterior de Arteixo foi tamén unha petición de Paco Vázquez, alcalde socialista, cando chega aí un momento, alcalde socialista. E volvemos dicir, pedimos, de verdade, estamos contentos coa eliminación da peaxe da Barcala, deuse un primeiro paso, pedimos apoio para a eliminación da peaxe de Pastoriza, un segundo paso, e se vamos todos nunha posición unida poderemos intentar conseguir que nalgún momento se elimine a AG-55, agora estamos falando de 125 millóns de euros, a ver quen os pon, o Concello de Arteixo está disposto a poñer 12, a ver quen os pon.

Gelo, o de trinta anos non vai por ti, e dígoo por cariño, porque referendaches a túa maioría absoluta constantemente, e tes o apoio dos veciños, e é verdade, e moitas veces cho digo, e no teu concello probablemente conseguiches logros importantes, non se pode dicir o mesmo doutros políticos que levan trinta anos en política.

Sr. Sacristán de Diego

A diferenza que hai entre que o aeroporto non pague e o porto si, é por lei, non conseguiu nada, é por lei. Eu non estiven no Parlamento nin governei, eu non lle interrompín a vostede para nada, déixeme que lle explique porque non sexa que pense que vostede cambiou a lei, non, a lei está, e uns están exentos e outros non. Primeira cuestión.

Segunda cuestión, se se elimina a peaxe en toda a autovía, evidentemente favorece a máis traballadores, non favorece a unha parte, favorece a máis traballadores, e cando se eliminou o da Barcala, favoreceu nunha pequena cantidade á xente, efectivamente, nunha pequena cantidade, pero foi unha porcentaxe moi importante tendo en conta os vehículos que pasaban por unha ou por outra vía, iso teno que ter en conta.

E nós, vólvolle a reiterar que estamos de acordo na eliminación da peaxe, non estamos en contra de que se elimine, e que dá a impresión de que vostede está a favor e os demais estamos en contra, estamos a favor. E voulle dicir, o que di vostede que lle axude a Deputación, non o di na moción, non di nada diso na moción, na moción di o que di, que é que se faga unha mesa sectorial, pero non está dicindo que achegue nada a Deputación nin que Arteixo vaia achegar doce millóns, iso non o

recollen as emendas que presenta, nin o recolle a nosa moción tampouco, porque entendemos que nin a Deputación debe de poñer, nin o Concello de Arteixo debe de poñer doce millóns, non debe de poñer absolutamente nada, debe de eliminarse a peaxe, sen máis. Está sempre con que pon, non fai falla poñer nada, estamos pedindo gratuitamente que se elimine a peaxe, e na súa moción non pon nada. Polo tanto, non invente cousas, ou non imos votar cousas que non se corresponden coa moción que se presenta, e xa lle dixemos e lle anticipamos que algún dos puntos das súas emendas llas imos aceptar, ímosllas votar a favor.

Sr. Calvelo Martínez

Eu creo que este é un punto importante para debater, e de verdade, houbo mocións aquí que tamén foron longas e que se calou, que non lle parece ben o que lle dicimos?, non lle parece ben o que lle dicimos.

Sr. Sacristán, vostede, o seu Goberno, Zapatero, podían modificar as leis do aeroporto, que nos vén dicir agora?, e vólvo a dicir, é que podían modificar as leis, que se queixa agora?, que pasa?, vostede defende os intereses do partido antes que os intereses dun veciño?, nosoutros non, e enfrontámonos ao Ministerio de Fomento, á Xunta, para aclamar esta cuestión. Cal é o problema e o matiz que eu volvo a dicirles?, é, se mesturamos unha cousa coa outra, prexudica constantemente aos intereses dos veciños de Arteixo porque aquí está clara a posición, falamos en vez de investir corenta millóns de euros, que eliminen unha peaxe e despois a eliminación da peaxe a Carballo será outro punto, meu Deus, será outro tema, non mesturen unha cousa con outra, non prexudiquen os veciños de Arteixo, por favor, a nosa reclamación é clara, está encamiñada, pedimos unha mesa de negociación porque hai posibilidades reais de facelo. A vostedes moléstalles que o Concello de Arteixo lles elimine a peaxe?, díganos claramente, moléstalles?, digan a verdade, non sexan hipócritas políticos, moléstalles que teñamos a posibilidade de eliminar a peaxe en Arteixo, digan a verdade, iso é o que lles molesta, e esa é a realidade, a realidade desta moción.

Vólvo a dicir, están vostedes interesados en prexudicar os veciños de Arteixo para que non se elimine a peaxe?, esa é a finalidade de vostedes, esa é a finalidade desta moción?, hai que dicilo realmente, se aproban esta moción van prexudicar os intereses dos veciños, van amolar a posibilidade da negociación e da final da peaxe, iso é o que están buscando vostedes, e o que están buscando politicamente, e nosoutros, e vólvo dicir, custe o que custe, primeiro os intereses dos veciños de Arteixo e despois os intereses dos partidos políticos, e se me custa a miña carreira política, eu non quero estar trinta anos en política como leva vostede.

Sr. Sacristán de Diego

Estar en política pode estar catro, tres, ou ningún, ou vinte e sete, porque é libre e cada un fai o que lle peta, cunha diferenza que, evidentemente, nas ditaduras ponse un e nas democracias elixeno os demais, e de momento a min non me puxo un, elixíronme os veciños e, polo tanto, o único que lle pido é o máximo respecto. Primeira cuestión.

Segunda cuestión, a nosa moción, a moción que presentamos un grupo, uns grupos, nesta Deputación, non tenta prexudicar a ninguén, trata de favorecer a todo o mundo.

Terceira cuestión, se vostede ten negociación, por que non o dixo antes?

(Interrompe a intervención o Sr. Calvelo Martínez)

Sr. presidente

Acabouse, a min que levantes a voz, non me importa, pero cando che toca, e o resto igual, este é un tema importante para Arteixo, para a provincia e cada un ten dereito a expoñer os seus argumentos, gústelle á oposición ou non lle guste, eu non vou cortarlle tempo a ninguén que queira falar e expresarse, pero con respecto, todos.

Sr. Sacristán de Diego

Moitas grazas, presidente pola túa intervención, co fin de que se respecte o uso da palabra, que eu non interrompín a ninguén, e imos sosegarnos todos un pouco porque creo que todos defendemos os mesmos intereses, estamos defendendo os intereses dos cidadáns que utilizan diariamente esa autovía e, polo tanto, eu o único que estou dicindo é que parece que se había xa unhas negociacións e tal, o lóxico é se estaba moi avanzado o acordo, o lóxico é que se nos dixera, mira, incorporádevos agora ao final, a Deputación incorpórase ao final, porque xa está todo feito, xa está todo negociado e o único que hai que facer é imos saír todos na foto, pois perfecto, pero parece polas declaracións que eu lle oín á ministra, non é tan doado, é dicir, hai unha contradición entre o que di o Sr. alcalde de Arteixo e o que dicía a ministra o outro día.

Polo tanto, nós estamos a favor da eliminación da peaxe, volvo reiterar, de Arteixo e de Carballo porque defendemos o conxunto dos traballadores ou das persoas que veñen por esa autovía. Primeira cuestión.

Segunda cuestión, non dicimos que se teña que eliminar na moción completamente todo, pódese ir por partes, se iso vai favorecer tamén aos traballadores que veñen de fóra de Arteixo, a todo o mundo que pase pola estrada, precisamente aí é onde debe de haber a negociación. E xa lle dixen na miña anterior intervención que hai que pedir o máximo, e ao mellor só conseguimos unha parte, para iso está a mesa de negociación, que parece que está aí, ben, pois se só se elimina o tramo de Arteixo pois algo sacaremos, e logo despois haberá que continuar co seguinte tramo, pero algo sacárase, e nós cremos que pedir pouco, ao mellor non se saca nada, pedir moito, ao mellor sácase algo, esa é a diverxencia que podemos ter, pero posiblemente vostede ten moitos máis coñecementos e argumentos que os que teño eu do coñecemento que teño de cómo está a situación. Posiblemente se tivera outras novas, ou estivese coa ministra, ou estivese co secretario para Infraestruturas ao mellor tiña outros coñecementos de que pensan sobre esa vía, pero eu non os teño, cos que teño, pido o máximo para obter, polo menos, unha parte, e non hai outra diverxencia.

Sr. Calvelo Martínez

Nosoutros levamos máis de seis meses pedíndoo e reuníndoos coa ministra e coa Xunta e non nos responderon, seis meses pedíndoo, publicamente, sen o apoio de ninguén. E hai unha cousa que me doe que dixeches, que se se aproba a negociación saímos todos na foto, pois mira, se se aproba isto eu non penso saír na foto, e se se elimina a peaxe na autoestrada eu non penso saír na foto, porque vólvo dicir aquí están xogando cos intereses partidistas en vez dos intereses dos veciños, e ao final todos somos traballadores, pero o que di vostede, négo como político a dicir, imos pedir moito para que nos dean pouco, esa non é a miña maneira de facer política, eu fago a política desde o sentido común e a nosa posición é totalmente clara e con sentido común, négome a que a política sexa pedir moito para recibir pouco, iso non vai cos meus principios políticos.

Seguidamente procédese a votar a moción presentada polo BNG, PSd-G, Alternativa dos Veciños, Compostela Aberta e Marea Atlántica:

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados (8 do PSOE, 5 do BNG, 2 de Marea Atlántica, 1 de Compostela Aberta e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: 13 deputados (PP)

Abstéñense: ningún deputado

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG, Marea Atlántica, Compostela Aberta e Alternativa dos Veciños e o voto en contra do PP, acorda:

MOCIÓN DOS GRUPOS PROVINCIAIS DO PSd-G-PSOE, BNG-ASEMBLEAS ABERTAS, ALTERNATIVA DOS VECIÑOS, MAREA ATLÁNTICA E COMPOSTELA ABERTA RELATIVA Á ELIMINACIÓN DA PEAXE AG-55

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Cómpre facer historia coa AG-55 porque non debemos esquecer de onde vimos. Nos anos 90 decidiuse a construción dunha autovía que uniría A Coruña con Carballo por dous motivos principais: primeiro, contribuír para un maior desenvolvemento económico, social e industrial e, segundo, mellorar a seguranza do tránsito rodado, desconxestionando deste modo as dúas vías existentes, a AC-415 e a AC-552. Mais o que inicialmente era unha autovía reconverteuse nunha autoestrada con peaxe por decisión do goberno galego no ano 1994.

Houbo unha importante mobilización social con multitude de actos reivindicativos: caravanas de automóbiles, concentracións, iniciativas parlamentares, manifestacións, recollida de sinaturas etc...

O día 20 de xaneiro de 1995 consúmase o espolio e a Xunta de Galicia entrega á empresa ENASA a xestión da autoestrada AG-55, vinculando tamén a de Puxeiros-Baiona. A autovía que nacera como alternativa ás dúas conxestionadísimas estradas

comarcais, ao se converter nunha autoestrada de pago, non vai cumprir nestes anos ningún dos obxectivos con que nacera e provocará que tanto a AC-415 como a AC-552 absorban a maioría do tránsito, composto por unha parte moi importante de circulación pesada e con mercadorías perigosas, provocando problemas de seguranza e de mobilidade na poboación.

Coa decisión de construír un Porto Exterior en Arteixo e coa posta en marcha de varios polígonos industriais nas comarcas que atravesa o vial, os problemas incrementáanse. Mais, a pesar das continuas solicitudes de rescate da concesión, auméntase a AUDASA a concesión até o ano 2045 nas vésperas das eleccións autonómicas de 2005.

A creación do Porto Exterior trouxo consigo a construción dun vial de acceso, coñecido como AC-15, que enlaza coa AG-55 na peaxe de Pastoriza. Porén, o proxecto contemplaba que o tránsito portuario non estaría suxeito a peaxe. Para pór en funcionamento ese vial, que se inaugurou cunha demora evidente, o martes 7 de xuño o Ministerio de Fomento e a Xunta de Galicia asinan un convenio en que non hai eliminación da peaxe para o conxunto de usuarios e usuarias da AG-55, mais faise unha excepción co tránsito portuario e o Ministerio pagará a AUDASA polos meses que restan de 2016 30.000 euros modificables en función do número de movementos. Todo isto até que o Ministerio de Fomento constrúa un novo vial que conecte o acceso portuario coa rede de estradas do Estado (obra taxada en 29 millóns de euros).

Fomento e a Xunta néganse conscientemente a escoitaren as reiteradas solicitudes da corporación de Arteixo e das veciñas e veciños, que piden que non se faga a nova obra e que se estude o rescate da concesión, xa non só por unha cuestión de equilibrio territorial e medioambiental, mais tamén polo estragamento de recursos públicos: coa construción do novo vial proxectado ficaría en desuso unha parte desta obra, agora inaugurada e, por tanto, millóns de euros abandonados.

Por todo isto, e tendo en conta as consecuencias que ten esta infraestrutura no desenvolvemento, na seguranza nas persoas e no equilibrio ambiental e territorial da zona, o Pleno da Corporación provincial da Coruña:

ACORDA

1. Rexeitar o convenio asinado pola Xunta de Galicia e o Ministerio de Fomento que mantén a peaxe na AG-55 para o conxunto da poboación e que crea, ao mesmo tempo, unha peaxe na sombra pagada con cartos públicos para o tránsito portuario.
2. Rexeitar a imposición de futuras peaxes como consecuencia da futura construción de enlaces co vial AC-15 de acceso ao Porto de Punta Langosteira en Arteixo.
3. Solicitar á Xunta de Galicia a eliminación total da peaxe da AG-55 para o conxunto da poboación.
4. Dar traslado destes acordos á Xunta de Galicia e ao Goberno do estado.

Procédese a votar a moción presentada polo Grupo Popular:

VOTACIÓN

Votan a favor: 14 deputados (13 do PP e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: 16 deputados (8 do PSOE, 5 do BNG, 2 de Marea Atlántica e 1 de Compostela Aberta)

Abstéñense: ningún deputado

(Abandona o salón o Sr. García Liñares)

ROGOS E PREGUNTAS

Sra. Fraga Sáenz

No expediente de modificación de créditos 2/2016, presentado na Comisión Informativa de economía, na súa sesión ordinaria do 23 de maio de 2016 viña contida unha aplicación para efectuar unha serie de melloras no salón de plenos do Pazo provincial. No Pleno ordinario da Deputación Provincial da Coruña do pasado 30 de decembro foi aprobada por maioría unha moción do Grupo Provincial da Marea Atlántica instando o Grupo de goberno a realizar as reformas necesarias para as retransmisións das sesións plenarias, en virtude destes feitos este grupo provincial traslada as seguintes preguntas ao presidente para a súa resposta en Pleno.

Un, entre os traballos contidos na dita aplicación recóllense os necesarios para comezar a realizar a dita retransmisión?

E dous, en caso contrario, ten o equipo de goberno algún prazo marcado para comezar con ditas reformas?

Sr. Sacristán de Diego

Si, en efecto, no modificativo de crédito 2/2016, recolle o financiamento do contrato de modernización de equipamento de audiovisual do salón de sesión da Deputación Provincial da Coruña, que permitirá levar a cabo o acordado no Pleno do 30 de decembro de 2015 no que respecta á retransmisión das sesións plenarias, e aínda máis, estase a tramitar o expediente dese contrato que sairá a licitación nos próximos días coas seguintes características esenciais, presuposto IVE incluído, 128.095,55 céntimos de euros, prazo de presentación de ofertas, 15 días naturais desde a publicación no BOP e prazo de execución, subministración e instalación do sistema, un mes desde a formalización do contrato. En consecuencia, é previsible que o sistema estea plenamente operativo no último trimestre do ano.

Sr. García Seoane

O rogo é o seguinte, os concellos da provincia e todos os da costa de Galicia, os concellos da costa, temos un serio problema que as leis obrígnanos a ter socorristas nas praias pero non hai socorristas, agora mesmo en Oleiros hai un déficit

de tres socorristas para cumprir cos indicadores que manda a lei, e máis naqueles que temos praias azuis, que xa é obrigatorio, senón sácanche a praia azul, pero non só as praias azuis, calquera praia, calquera concello que queira ter socorristas, non os hai, e non os hai por unha razón, antes había persoas preparadas, que sabían nadar, que tiñan capacidade, que tiñan unhas características que se reunían para poder facer de socorrista, pero agora vaise de forma estrita, precisa e rigorosa e non se pode contratar a ninguén como socorrista se non ten un título de socorrista. O título de socorrista sáelle a calquera rapaz ou rapaza en seiscentos euros coa Xunta de Galicia, gravísimo, entón non hai socorristas porque para estar catro meses nunha praia non se gastan seiscentos, cando nalgún concello non lle van pagar nin os seiscentos euros ao mellor ao mes, é un tema gravísimo. Eu creo que a Deputación, neste caso, estamos falando dos concellos de toda a costa neste caso da provincia da Coruña, que son moitos, e que teñen os problemas que temos nós e outros, e que se debía de pensar en facer un curso desde a Deputación que estivera homologado e que lle dera facilidade aos mozos de poder acceder a ese curso para aprender as mínimas directrices para ser socorristas e ter as facultades que tamén se esixen, pero non desde logo os seiscentos euros de taxa que lle cobra a Xunta de Galicia a calquera mozo para poder ser socorrista, que iso é un escándalo. É coma o tema de que nós temos tres prazas de garda desde o 11 de xaneiro aprobadas por libre oposición, e non poden ocupalas porque non se dá un curso na EGAP alá na Estrada, un escándalo, nun país que se di que hai que dar traballo.

Pero, o que dicía, non hai socorristas, eu creo que sería ben que a Deputación pensara neste tema que estou falando. Ese é un rogo.

E a pregunta é a seguinte, cariñosamente tamén, que teño que facer para saber cando lles se vai notificar ás sociedades na convocatoria que se fixo o 18 de novembro do ano pasado dirixida a entidades culturais, etc., como deputado, cando podo saber cando e canto se lle vai dar ás sociedades, neste caso do Concello de Oleiros, e outras, pero estou falando en xeral, porque os meses pasan, eu pido saber, e non se me di, mándaseme dun lado a outro e en todos os sitios vou como se fora unha pelota de pimpón. Isto como deputado non estou disposto a ceder, é dicir, teríamos que falar varios deputados a ver se isto ten que ser así, porque se é así, hai que cambialo, un deputado que estea nesta casa non pode non ter coñecemento daquelas cousas que lle afectan ao seu municipio, máis cando está de deputado representando na Deputación.

Sra. García Gómez

Moi brevemente, nós o que queríamos saber era cando empezabades os traballos de desbrave e limpeza das estradas provinciais porque o seu estado é totalmente deplorable.

Sr. Pequeño Castro

Nestes momentos xa comezaron a limpar as estradas, acabouse a contratación de todos os grupos e é verdade que a transparencia da Deputación tápase coa maleza das estradas, é verdade. Queremos ser tan claros que levamos cinco ou seis meses contratando esas obras. Nestes momentos están niso.

Sr. Calvelo Martínez

Eu quería dous rogos, o primeiro rogo é solicitarlle á Deputación que manteña as mesmas condicións que outorgou a subvención en decembro de 2002 para a supresión da peaxe da Barcala e a autoestrada AP-9 e poida destinar tamén cantidade económica, como se produciu nese ano, para a supresión da eliminación da peaxe A Coruña-Arteixo.

E o segundo rogo é solicitamos tamén que, dado que o Concello de Arteixo lle ingresa á Deputación 750.000 euros da recadación, do cobro do 5%, que é diñeiro dos veciños de Arteixo, que ingresa a Deputación, que poida rebaixarse esa porcentaxe para utilizar tamén para axudar economicamente á eliminación desta peaxe. Poño un exemplo, con só darlle a un botón, con emitir cinco recibos que é o VICE e o IAE, cústanos ao Concello de Arteixo 200.000 euros que recada a Deputación polo 5%, gustaríanos a posibilidade de que eses 200.000 euros e ese 5% rebaxado puidera ser empregado na eliminación da peaxe A Coruña-Carballo.

Sen máis asuntos que tratar remata a sesión, sendo as catorce horas e vinte minutos, redáctase a acta e autorízase a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.